



Abril de 2010

O "BORRADOR" PARA A LINGUA

Cando na fin do ano pasado a Consellería de Educación publicou as chamadas "*Bases para a elaboración do decreto de plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*", Nova Escola Galega realizou e publicou unha análise detallada daquela proposta, recollida no [NEG Opina - xaneiro 2010](#), así coma a valoración que nos merecían os seus contidos e as súas intencións. Malia que daquelas Bases ao actual "*Borrador do proxecto de decreto para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*" consideramos que non mudaron as grandes finalidades pretendidas, nomeadamente a de acurrallar a lingua galega, procedemos a realizar de novo un estudo comparativo, tendo en conta os decretos de 1995, o vixente de 2007, as propias Bases e o Borrador presentado recentemente.

Algúns antecedentes para non esquecermos

Con ocasión da proposta do actual decreto 124/2007, NEG realizou tamén daquela un cotexo semellante co decreto anterior ([NEG Opina - abril 2007](#)), que partía de tomar en consideración algúns dos indicadores máis salientables cos que se contaba a respecto da evolución do estado da lingua nos últimos anos. Para unha visión máis polo miúdo do que se insería naqueloutra publicación a ela remitimos. Ora ben e grosso modo, as liñas básicas da nosa opinión daquela centrábanse en subliñar:

- Todos os indicadores inciden nunha rápida perda de falantes e de transmisión xeracional do idioma.
- Esa perda é moito máis significativa e alarmante nas xeracións máis novas e nos ámbitos urbanos.
- No tocante á escola, a utilización do galego como vehicular maniféstase en porcentaxes moi baixas, de maneira singular nos primeiros ciclos e nas cidades (o castelán como lingua de relación entre o alumnado acadá máis do 95%).
- No que fai ás competencias lingüísticas e referida ao valor de bastante-moito, prodúcese unha escala das catro (entende-fala-le-escribe) por esta orde e que vai do 94,5% ao 31,1%; é dicir, que non se acadá, nin moito menos, unha competencia suficiente en galego.
- A delicada situación da lingua (sobre todo nas xeracións máis novas e nos ámbitos urbanos) non debe estar agochada por medo a sermos ou transmitirmos pesimismo; antes ben, cómpre que a sociedade tome conciencia do problema para estar en situación de colaborar na procura de solución.
- Non nos pareceu suficiente a proposta normativa que hoxe está en vigor, por considerarmos que se debería facer unha aposta máis decidida pola normalización.

Malia todo e dende ese mesmo momento, NEG defendeu -e defende- a normativa actual ante a intoxicación e a intención galegófoba desa minoría que, amparada e asumida polo actual goberno, pretende realmente (por activa ou por pasiva) a conformación de dúas sociedades diferenciadas en razón da lingua e, pola última, a desaparición da lingua propia, ou sexa, a súa substitución.

Non é o lugar de entrarmos aquí nas razóns históricas que provocaron a actual situación, nin tampouco nos prexuízos, mitos e enganos que operan en sectores da poboación a respecto do idioma, por outra parte comúns en moitos casos cos que recollen os manuais de sociolingüística a respecto doutras conxunturas semellantes. Só indicar que o idioma propio do país, con máis de mil anos de existencia, lingua da florecente literatura medieval, normalizada e común noutrora para a vida pública e para a vida máis íntima, transmitida de xeración en xeración dende o berce dos nosos devanceiros, pois esa lingua está hoxe minorizada e en serio perigo de desaparición.

O idioma e as leis

Xaora que estas ou semellantes consideracións sobre o idioma se veñen manifestando dende o Rexurdimento, e que unha avaliación na procura da normalización da lingua se realizou no remate da longa noite de pedra do franquismo e se plasmou nas leis vixentes, a Constitución, o Estatuto de Autonomía, a Lei de Normalización Lingüística e as diferentes normativas que, para algúns sectores como o da educación, viñeron recollendo ese obxectivo no último cuarto do século pasado e no que vai deste. En todos os casos coa consideración da necesaria protección do galego, da ampliación de espazos de uso e de falantes, e da necesaria progresividade para a súa normalización efectiva.

As políticas lingüísticas desenvolvidas en toda a etapa autonómica (ou a súa ausencia nalgúns eidos) non deron resultados nada positivos, como por outra parte se podía enxergar. Os tímidos avances foron, ademais de cativos, delongados no tempo, de xeito que a sangría era moito maior do que as escasas vendas podían termar, e centrados case en exclusiva no campo do ensino. O actual decreto foi un pequeno avance que se tiña que ter producido hai xa moitos anos e que abría unha certa liña de consideración e de futuro para a lingua.

Ata chegarmos a esta nova lexislatura na que, contrariamente aos datos empíricos, ás leis e á historia, por primeira vez se inicia un camiño regresivo e se desbota a propia esencia da normalización.

A imposición

Contra o que a realidade e os datos amosan de xeito incontestable, dende certos sectores que desprezan todo o que soe a galego iniciouse unha campaña co fin de difundir a falacia de que existía aquí unha imposición do galego e que o castelán estaba pouco menos que prohibido ou en transo de desaparición. Esta idea falaz, espallada de xeito decidido por certos medios de comunicación e apoiada, cando non fomentada, por forzas políticas foráneas atopou inmediato acubillo en certos sectores do partido do goberno e apoio explícito no tempo preelectoral do pasado ano, onde adquiriu o daquela candidato polo PP o "compromiso" público de rematar con tal "persecución" do castelán, coa promesa da derogación do actual decreto 124/2007.

De todos os "argumentos" que fornece o goberno sobre este anteproxecto, que pretende impoñernos cunha moi limitada maioría parlamentaria e contra o parecer de todas as demais forzas políticas galegas, institucións, organizacións e entidades de diferente tipo, o único que se sostén é precisamente ese do compromiso electoral que adquiriu irresponsablemente o agora presidente na procura dunha puñada de votos. Quen ten a máis alta responsabilidade, como é a de gobernar este pobo, non pode caer na difusión e potenciación da mentira e da falacia, nin se encamiñar a lle dirixir ao noso idioma un dos ataques máis salientables da súa historia.

Que non había tal imposición nin un conflito xeral por mor do idioma coa norma vixente no momento electoral -os ensinantes sabémolo de primeira man- demóstrao a simple observación da realidade e os propios datos empíricos. Da primeira, calquera pode tirar que a auténtica dificultade que se vive no noso país é precisamente a de poder vivirmos en galego en calquera das nosas actividades diarias. Sabémolo ben todas as persoas que sufrimos diariamente o asoballamento dos nosos dereitos lingüísticos. Dos datos, pois resulta que a xente non parecía estar tan descontenta como indica constante e teimosamente o goberno. Na enquisa do CIS sobre as eleccións 2009, tocante á cualificación sobre o labor desenvolvido a respecto da lingua galega, os resultados son: MB (0.8), B(34,6), R(31.0), M(17.4), MM(4.1). E ademais, dos que opinaban MB e B, o 28,3% eran votantes do PP.

Estes datos debe coñecerlos o goberno e non parece, polo tanto, que esa razón esgrimida sexa realmente a causa desta acción única contra o idioma propio. Esa obsesión enfermiza, esa fobia que lles dá cobertura a ideas realmente pre-democráticas, máis ben habería que atopala nun ensaio con vistas a unha política no Estado que o leve a posicións sobre as linguas aparentemente superadas na época democrática. É dicir, Galicia como campo de probas, sen importar o noso futuro e o da nosa lingua.

A reacción social

Probablemente un dos efectos máis beneficiosos deste proceso é o de que a sociedade volve moverse ante un ataque ao principal sinal de identidade do noso pobo. Se cadra este fervedoiro de reaccións, que se deron dende o mesmo momento en que o PP anunciou que derrogaría o decreto vixente para introducir esa falsa “liberdade” de escolla, constitúan un alicerce para a extensión da toma de conciencia do problema e, xa que logo e alén da conxuntura actual, un avance na procura de solucións, non só políticas, pero tamén.

O que resulta evidente é que este goberno escoitou e xustificouse interesadamente en voces coincidentes co seu proxecto político partidario e desoíu o clamor social -mesmo de sectores dos seus votantes- contra esta desfeita sen precedentes, disfrazada de bilingüismo “amable” e “cordial”. Nin falou con todos, nin negociou con ninguén e atópase absolutamente en solitario contra o mundo, unicamente soportado por unha exigua maioría parlamentaria. Se cadra o dato máis relevante da maldade da proposta de decreto é que a propia Galicia bilingüe, auténtico adañil do que chaman descaradamente “liberdade” lingüística, indique que “vai na dirección correcta”.

O decretazo

A primeira conclusión que se tira da lectura da proposta é que, xustificándose nas propias leis que protexen a lingua, desenvolve groseiramente un articulado contrario ao espírito e á letra das mesmas. A segunda é que introduce elementos novos e de fondo calado na situación actual e no futuro do idioma no tocante ao sistema educativo. A terceira, que parte de criterios arbitrarios e alleos á educación. A cuarta conclusión atinxe á sorprendente ausencia de criterios pedagóxicos e mesmo sociolingüísticos no seu baseamento.

Así, a desaparición absoluta de calquera pegada do termo “normalización lingüística” (o propio Anxo Lorenzo, SXPL, declarou que xa non sabe o que significa iso) supón toda unha declaración de intencións das finalidades perseguidas.

Por outra parte, as xustificacións mediáticas do Conselleiro, nas que afirmou sen arrubiar que “o 60% dos centros imparte máis da metade en galego e a sociedade recházao” e que “o 20% imparte máis do 80% en galego” (segundo a inspección), non fan máis ca afondar na enorme falsificación da realidade que está no substrato desta desfeita.

Chama a atención que o PP renegue absolutamente das accións promovidas no seu día polo seu propio partido no goberno. A máis singular delas probablemente a constitúe a promoción dun grande acordo parlamentario, que se deu no ano 2004, na forma dun Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega aprobado unanimemente no Parlamento de Galicia. O actual presidente era daquela nada máis e nada menos ca vicepresidente do goberno promotor.

Pois aínda que nos preámbulos da proposta governamental se alude a todas esas leis e ao propio PXNLG como marcos para desenvolvela, o certo é que o contemplado no articulado camiña directamente na dirección contraria e contra todos os acordos unánimes da Cámara na súa historia.

Dende os centros

De aplicarse esta proposta normativa, os centros de ensino converteríanse en auténticos niños de conflitos de todo tipo entre os diferentes sectores das comunidades educativas e mesmo no seo de cada un deles. E todo isto cunha ausencia absoluta de criterios nin pedagóxicos nin sociolingüísticos; trátase dunha proposta baseada unicamente en criterios de baixa política e de cativos intereses partidarios electorais.

O establecemento por primeira vez dun tope para o uso do galego, sendo como é a lingua minorizada e necesitada de protección, constitúe un punto de inflexión moi negativo para a normalización. Cómpre lembrar que o galego, como lingua propia de Galicia e como variedade recesiva debe ser o idioma primeiro e principal do currículo, o centro de gravidade do sistema, tal e como reiteradamente recollen as leis, as sentenzas e a propia pedagogía.

A proposta normativa non establece criterios nin procesos para a educación infantil e asegura, de facto, a perda do galego, especialmente no ámbito urbano, tratándose esta dunha etapa fundamental para a adquisición lingüística.

A falta de regulación precisa das áreas en que a lingua galega sexa vehicular e a introdución dunha consulta vinculante para a determinación da lingua a utilizar (só o profesorado) por parte das familias, ignorando radicalmente os órganos de goberno dos centros escolares, introduciría nestes un moi alto grao de conflictividade que non existe neste tempo, alén de situacións illadas que en ningún caso poden ser elevadas a categoría nin xustificaren esta contrarreforma.

E alí onde a administración se decide a regular, aplica novamente unha orientación diglósica formulando a docencia (só a docencia) en galego coa exclusión das áreas de ámbito científico-tecnolóxico, que reservaría para o castelán. Outórgalle ao ensino un papel de obrigada complicidade cos prexuízos sobre a lingua no canto de contribuír á súa superación.

Historicamente foi o traballo individual e colectivo do profesorado o que veu mantendo e incrementando a presenza do idioma nos centros, e a planificación lingüística que nos últimos tempos comezou a realizarse, cada vez con máis solvencia e en base ao traballo dos Equipos de Normalización, vai quedar esnaquizada e reducida na práctica a unhas consultas ás familias. Repárese no baleirado do contido e da acción normalizadora dos equipos, mesmamente xa na súa propia denominación.

O profesorado quedaría situado de novo fóra de xogo, coma en tempos pretéritos que cremos superados, xa que se despreza todo o traballo desenvolvido nestes anos. Mentres o PXNLG consideraba este aspecto un activo, unha fortaleza no camiño da normalización, esta proposta convérteo nunha carga, nun pasivo que habería que desactivar.

A cobertura á “liberdade lingüística” das familias, entendida como posibilidade de modificar a asignación das linguas vehiculares da docencia (unicamente da docencia, insistimos) cada certo tempo, mediante un sistema de votación, supón unha basta desautorización dos criterios educativos que orientan a actuación profesional neste ámbito, imposibilita unha planificación lingüística que teña en conta o sentido procesual e interdisciplinar do traballo por competencias que reclama o currículo na actualidade, e na práctica, en función de conxunturas alleas, obriga o profesorado a “reprogramarse” na lingua decidida polas familias.

Como corolario desta situación, a liberdade proclamada para o alumnado, que pode usar a lingua da súa preferencia, deixa exclusivamente nas mans do profesorado, non do conxunto do sistema, a misión imposible de procurar a adquisición de competencias naquela lingua que, a xuízo dos estudantes, sexa prescindible.

A administración debe amparar o profesorado (¿u-la proclamada “autoridade”) no cumprimento dos obxectivos que marca a lei para a adquisición das competencias, facilitando un traballo serio neste ámbito. E non pode, baixo ningún concepto, introducir medidas provocadoras de conflitos xeneralizados, interpersoais e intercomunitarios, na necesaria convivencia dos centros educativos, que incrementarían ata límites insoportables a súa xa de por si complexa xestión.

A xeito de conclusión

Se a proposta normativa que se pretende converter en decreto para o ensino encerra as medidas máis regresivas para a normalización do galego neste eido, o contexto governamental no que se insire non é menos preocupante. Así, nos últimos tempos podemos asistir, día si e día tamén, a auténticas provocacións contra o idioma. Dende as deturpacións toponímicas do conselleiro de Cultura (“Desván de los Monjes”), pasando pola ousadía provocativa sen límites do presidente Feijoo, citando nin máis nin menos que a Castelao traducido ao castelán e nada máis e nada menos ca no Parlamento de Galicia, ou polas sempre “interesantes” declaracións públicas do SXPL A. Lorenzo (“No se puede legislar a favor del gallego en la enseñanza”), ata as adoitadas arroutadas do Valedor do pobo, configúrase, como dicimos, un contexto nada prometedor para o idioma.

No sentido positivo cómpre salientar a reacción social e a determinación con que se combaten estas propostas dende as máis variadas sensibilidades, entidades, organizacións e institucións, como a RAG ou o CCG.

¿Volveremos a tempos pasados nos que foron reprendidas e perseguidas aquelas persoas que máis se significaron no uso e normalización do noso idioma no ensino, mentres outras nunca fixeron absolutamente nada nin sequera por cumprir o estipulado nas leis como obrigatorio?

A única solución factible para intentar amañar no que se poida este despropósito pasa pola retirada desta proposta de decreto e por retomar o consenso lingüístico no ámbito parlamentario, partindo do punto de encontro do 2004, o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega.

E se cadra por algunha dimisión que permita poñer á fronte deste proceso persoas que teñan a dignidade suficiente para levalo a cabo.

Para un mellor seguimento da análise comparativa entre os decretos de 1995, o actual e vixente, as bases presentadas a fin do ano 2009 e o borrador que está proposto como anteproxecto, optamos por unha táboa de catro columnas, nas que se toma o decreto 124/2007 como referencia principal e, na medida do posible, se equilibran no espazo os aspectos que son comparables. Ocupando o ancho de páxina inserimos os nosos comentarios.

DECRETO 247/1995	DECRETO 124/2007	BASES PARA A ELABORACIÓN DO DECRETO DE PLURILINGÜISMO	BORRADOR DO PROXECTO DE DECRETO PARA O PLURILINGÜISMO
<p><i>Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística, para a súa aplicación ó ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios. (DOG do 15/09/1995)</i></p> <p>Asinado por Manuel Fraga Iribarne (Presidente) a Juan Piñeiro Permuy (Conselleiro de Educación e O.U)</p> <p>Contempla as modificacións (resaltadas) introducidas polo Decreto 66/1997, do 21 de marzo, polo que se modifica parcialmente o Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística, para a súa aplicación ó ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios. (DOG do 03/04/1997)</p> <p>Neste caso, o Conselleiro é Celso Currás Fernández.</p>	<p><i>Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo. (DOG do 29/06/2007)</i></p> <p>Asinado por Emilio Pérez Touriño (Presidente) a Laura Sánchez Piñón (Conselleira de Educación e O.U.)</p>	<p>“Bases para a elaboración do decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia”</p> <p>Presentadas o día 30 de decembro do 2009 Alberto Núñez Feijoo (Presidente), Jesús Vázquez (Conselleiro de Educación e O.U.) e Anxo Lorenzo (Secretario Xeral de Política Lingüística).</p>	<p>“BORRADOR DO PROXECTO DE DECRETO PARA O PLURILINGÜISMO NO ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA”</p> <p>Presentado o día 15 de marzo do 2010 Alberto Núñez Feijoo (Presidente), Jesús Vázquez (Conselleiro de Educación e O.U.) e Anxo Lorenzo (Secretario Xeral de Política Lingüística).</p>

Os propios títulos dos decretos de referencia e das bases e borrador de proxecto son xa ben significativos: mentres o de 1995 citaba claramente o termo “normalización lingüística”, o de 2007 vixente fala de “uso e promoción do galego” e as bases e o borrador comentado abandonan ambos os termos para falar de “plurilingüismo”.

Xa non se trata nin de normalizar a nosa lingua nin de promocionala, senón de regular o uso das linguas no sistema educativo, introducindo unha lingua estranxeira no medio das cooficiais.

<p>1. A lingua constitúe unha das bases esenciais da identidade do pobo e o máis forte vencello de unión entre as súas xentes. A lingua propia de Galicia é o galego (Art. 5 do Estatuto de autonomía). Como un eido privilexiado da aprendizaxe da lingua é o ensino, cómpre arbitrar mandatos que garantan esa aprendizaxe e axuden a unha implantación de hábitos lingüísticos a prol do idioma galego, idioma que, co castelán, é oficial na Comunidade Autónoma, de acordo co estatuto (Art. 3 da Constitución).</p>	<p>A lingua constitúe un elemento básico de identidade cultural e representa un valor fundamental de cohesión nunha determinada comunidade.</p> <p>O artigo 3 da Constitución establece, no seu punto 1, que o castelán é a lingua oficial do Estado, e, no punto 2, que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos, e sinala que a lingua é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.</p> <p>O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia, que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos. Así mesmo, establece que os poderes públicos de Galicia potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e que disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.</p>	<p>A lingua constitúe un elemento básico de identidade cultural e representa un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. O artigo 3 da Constitución española establece, no seu punto 1, que o castelán é a lingua oficial do Estado, e, no punto 2, que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos, e sinala que a lingua é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.</p> <p>O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia, que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos. Así mesmo, establece que os poderes públicos de Galicia potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e que disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.</p>	<p>As linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. O artigo 3 da Constitución española establece, no seu punto 1, que o castelán é a lingua oficial do Estado, e, no punto 2, que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos, e sinala que a lingua é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.</p> <p>O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos. Así mesmo, establece que os poderes públicos de Galicia potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e que disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.</p>
---	--	--	--

As referencias normativas nas que se inscriben os documentos analizados son as mesmas: Constitución, Estatuto de Autonomía e Lei de Normalización Lingüística.

En xeral, todas as exposicións de motivos, agás algúns aspectos que comentamos de seguido, son coincidentes, o que lles dá ás bases e ao borrador de proxecto unha dimensión aínda máis indecente co que se recolle no articulado, as máis das veces diametralmente oposto a estes preámbulos. Se sinalan que a lingua galega “será obxecto de especial respecto e protección” ou que os poderes públicos “potenciarán o emprego do galego en todos os planos”, non parece que o desenvolvido no articulado, en sentido regresivo coa actual situación, vaia precisamente na dirección do respecto aos principios argumentados.

2. O Parlamento de Galicia, con data do 15 de xuño de 1983, aprobou a Lei 3/1983, de normalización lingüística. A devandita norma revela o afán de xeneralizar no seo da Comunidade galega o uso do galego como idioma propio de Galicia, cooficial co castelán.

O artigo 1 da lei citada establece o dereito dos galegos a coñecer e usaren a súa propia lingua. O artigo 2 declara a cooficialidade, para a Comunidade Autónoma, do galego e do castelán. O título III establece os principios xerais do ensino en lingua galega e determina (artigo 12) que o galego é tamén lingua oficial no ensino en tódolos niveis e que a Xunta de Galicia regulamentará a normalización do uso das linguas oficiais no ensino. Así mesmo o artigo 13 asegura o dereito de tódolos nenos e nenas a recibiren o primeiro ensino na súa lingua materna.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, de conformidade coas disposicións procedentes, garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e asegura a normalización do galego en todos os eidos da sociedade. O artigo 14 desta lei indica que ao remate do ensino obrigatorio se garantizará a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais. Nesta mesma liña, e desde unha perspectiva máis global, tamén se pronuncia a Carta europea de linguas rexionais e minoritarias de 1992, ratificada polo goberno do Estado español en 2001.

O Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro do 2004, establece como un dos seus obxectivos xerais conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, e dálle prioridade á súa presenza en sectores estratéxicos.

Para conseguir estes fins, cómpre afondar no desenvolvemento dos preceptos da Lei de normalización lingüística no tocante ao ensino, sen dúbida un sector fundamental para a implantación de hábitos lingüísticos en galego, e establecer unha nova regulamentación do galego que facilite o seu emprego de xeito progresivo e xeneralizado en todos os niveis e graos non universitarios. Neste sentido, cómpre reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos, facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz, erradicando especialmente o seu emprego sexista en todos os ámbitos e respectando, así mesmo, a situación sociolingüística en que se enmarca cada centro.

A mobilidade do estudiantado e do profesorado que caracteriza a nosa sociedade non debe constituír un obstáculo para alcanzar os obxectivos descritos, senón que debe ser compatible co mantemento da singularidade cultural de Galicia e da lingua propia no ensino.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, de conformidade coas disposicións procedentes, garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e posibilita a incorporación da lingua galega á administración, ao ensino e aos medios públicos de comunicación, favorecendo un cambio de tendencia na súa consideración social e na incorporación do idioma a novas esferas da vida social. O artigo 14 desta lei indica que ao remate do ensino obrigatorio se garantizará a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais. Nesta mesma liña, e desde unha perspectiva máis global, tamén se pronuncia a Carta europea de linguas rexionais e minoritarias de 1992, ratificada polo goberno do Estado español en 2001.

O Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro do 2004, **establece como un dos seus obxectivos xerais conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, e dálle prioridade á súa presenza en sectores estratéxicos da sociedade galega.**

Para conseguir estes fins, cómpre afondar no desenvolvemento dos preceptos da Lei de normalización lingüística no tocante ao ensino, sen dúbida un sector fundamental para a implantación de hábitos lingüísticos en galego, e establecer unha nova regulamentación do galego que facilite o seu emprego en todos os niveis e graos non universitarios. Neste sentido, cómpre reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos, facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz, erradicando especialmente o seu emprego sexista en todos os ámbitos e respectando, así mesmo, a situación sociolingüística en que se enmarca cada centro.

Ademais, a realidade social europea en que vivimos, nun contexto de globalización e de mobilidade laboral, sitúanos nun espazo internacional de plurilingüismo. Esta nova realidade esixe un marco educativo que atenda esta necesidade social, posibilitando a capacitación efectiva do alumnado nas dúas linguas oficiais e nunha ou varias linguas estranxeiras.

A mobilidade do estudiantado e do profesorado que caracteriza a nosa sociedade non debe constituír un **obstáculo** para alcanzar os obxectivos descritos, senón que debe ser compatible co mantemento da singularidade cultural de Galicia e da lingua propia no ensino.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, de conformidade coas disposicións procedentes, garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e posibilita a incorporación da lingua galega á administración, ao ensino e aos medios de comunicación públicos, favorecendo un cambio de tendencia na súa consideración social e na incorporación do idioma a novas esferas da vida social. O artigo 14 desta lei indica que ao remate do ensino obrigatorio se garantizará a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais. Nesta mesma liña, e desde unha perspectiva máis global, tamén se pronuncia a Carta europea de linguas rexionais e minoritarias de 1992, ratificada polo goberno do Estado español en 2001, e o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro do 2004.

Para conseguir estes fins, cómpre afondar no desenvolvemento dos preceptos da Lei de normalización lingüística no tocante ao ensino, sen dúbida un sector fundamental para a implantación de hábitos lingüísticos en galego, e establecer unha nova regulamentación do galego que facilite o seu emprego en todos os niveis e graos non universitarios. Neste sentido, é necesario reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos, facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz, erradicando especialmente o seu emprego sexista en todos os ámbitos e respectando, así mesmo, a situación sociolingüística en que se enmarca cada centro. Ademais, a realidade social europea en que vivimos, nun contexto de globalización e de mobilidade laboral, sitúanos nun espazo internacional de plurilingüismo. Esta nova realidade esixe un marco educativo que atenda esta necesidade social, posibilitando a capacitación efectiva do alumnado nas dúas linguas oficiais e nunha ou varias linguas estranxeiras, **segundo para iso o marco delimitado pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, que establece como un dos seus fins** a capacitación para a comunicación nas linguas oficiais e nunha ou varias linguas estranxeiras.

A mobilidade do estudiantado e do profesorado que caracteriza a nosa sociedade non debe constituír un **atranco** para alcanzar os obxectivos descritos, senón que debe ser compatible co mantemento da singularidade cultural de Galicia e da lingua propia no ensino.

Obsérvese como se fan derivar da mesma Lei de normalización lingüística obxectivos diverxentes: mentres no decreto 247/1995 (lémbrese, goberno do PP con Manuel Fraga de presidente) a devandita norma *“revela o afán de xeneralizar no seo da Comunidade galega o uso do galego como idioma propio de Galicia”*, no actualmente vixente *“asegura a normalización do galego en todos os eidos da sociedade”*, mentres que nas bases e no borrador *“posibilita a incorporación da lingua galega á administración, ao ensino e aos medios de comunicación públicos, favorecendo un cambio de tendencia na súa consideración social e na incorporación do idioma a novas esferas da vida social”*.

Os cambios na interpretación das finalidades derivadas da LNL non son banais e amosan claramente o cambio de tendencia que se concreta no articulado. Se cadra por iso se eliminou no borrador o texto que nas bases dicía sobre o PXNLG que *“establece como un dos seus obxectivos xerais conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, e dálle prioridade á súa presenza en sectores estratéxicos da sociedade galega”*.

No que respecta ao obxectivo central polo que *“ao remate do ensino obrigatorio se garantizará a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais”* resulta o articulado contraditorio, xa que non é posible a consecución desa igualdade con equilibrios horarios como os que se propoñen, debido á diferente e desigual situación de partida de ambas as linguas.

No mesmo senso, o feito de que se cite, suponse que para apoiarse nela, a *“Carta Europea da Linguas rexionais e minoritarias”*, ratificada polo Estado no 2001, constitúe igualmente un enorme exercicio de cinismo. Lembramos só algúns dos preceptos relacionados co ensino aos que se acolleu o Estado:

Artigo 8. Ensino

1. En materia de ensino, as partes comprométense, no referente ó territorio onde se falan estas linguas, segundo a situación de cada unha delas e sen prexuízo do ensino da(s) lingua(s) oficial(is) do estado:

a) I- a prever unha educación preescolar asegurada nas linguas rexionais ou minoritarias afectadas.

b) I- a prever un ensino primario asegurado nas linguas rexionais ou minoritarias afectadas.

c) I- a prever un ensino secundario asegurado nas linguas rexionais ou minoritarias afectadas.

d) I- a prever un ensino técnico e profesional que estea asegurado nas linguas rexionais ou minoritarias afectadas.

f) I- a adopta-las disposicións para que se dean cursos de educación de adultos ou de educación permanente asegurados, principalmente ou totalmente, nas linguas rexionais ou minoritarias.

A reviravolta chega a límites surrealistas cando, ademais, se cita como sustento o *“Plan xeral de normalización da lingua galega”*, aprobado por unanimidade en 2004 no Parlamento de Galicia, por iniciativa do mesmo partido gobernante ca agora e figurando como secretario da *“Comisión Sectorial Nº 2. Educación, Familia e Mocidade”* o actual Secretario Xeral de Política Lingüística e principal responsable desta proposta, Anxo Lorenzo Suárez.

Pois ben, o PXNLG, logo dunha diagnose de puntos fortes e débiles da lingua galega no ensino, propón, entre outros, os seguintes obxectivos:

- *Alcanzar un uso maioritario do galego na docencia, entre os docentes e nas relacións escolares en xeral.*

- *Fomentar o uso progresivo do galego desde a etapa preescolar (0-3 anos), de xeito que se superen as fortísimas carencias que se observan nos primeiros banzos do ensino.*

- *Lograr que o ensino obrigatorio garanta unha competencia plena no idioma galego e repercuta de forma efectiva na súa adopción como lingua habitual por parte das novas xeracións.*

Nas medidas que se recollen no PXNLG, ademais das que figuran como anexo final no decreto vixente referidas ás outras etapas educativas, queremos mencionar tamén estouttras para educación infantil:

– *2.1.22. Establecer unha oferta educativa en galego en preescolar (0-3 anos) e na educación infantil para todos os nenos e nenas galegofalantes.*

– *2.1.23. Fixar, como mínimo, un terzo do horario semanal en galego nestas etapas educativas para os contextos e contornos nos que a lingua predominante sexa o castelán, coa intención de que esta porcentaxe se vaia incrementando progresivamente.*

– *2.1.24. Desenvolver programas experimentais en galego para castelanfalantes, asegurando o seu rigor pedagóxico, así como o seu seguimento e avaliación.*

– *2.1.25. Fomentar a adquisición progresiva da lectura e da escritura en galego, na perspectiva de que este se converta no idioma de base da aprendizaxe escolar.*

Como se pode comprobar, nada que ver co que se propón.

Para consumir este delirio galegófobo, todo o articulado regresivo para a presenza do galego no ensino que as bases e o borrador recollen a continuación non teñen inconveniente os autores en basealo en que *“cómpre afondar no desenvolvemento dos preceptos da Lei de normalización lingüística no tocante ao ensino”*.

Que o goberno galego debe ter en conta estas leis, nas que en parte se sustenta a existencia do propio goberno, é ou debera ser obvio. Non só polo sentido común, senón polas propias interpretacións que en forma de sentenza levan ditado os tribunais: dende os superiores de xustiza de comunidades con lingua propia, pasando polo Supremo e ata o propio Constitucional. A modo de exemplo destacamos algún parágrafo significativo e radicalmente contrario, como se verá, ás intencións da Xunta de Galicia plasmadas no anteproxecto de decreto:

“No puede ponerse en duda la legitimidad constitucional de una enseñanza en la que el vehículo de comunicación sea la lengua propia de la Comunidad Autónoma y lengua cooficial en su territorio”. (STC 137/1986, recollido tamén na STC 337/1994)

“La sentencia del Tribunal Supremo de 27 de marzo de 2000 argumentó, en el mismo sentido, que “la sentencia del Tribunal Constitucional 195/1.989 ha declarado que ninguno de los apartados del art.27 de la Constitución incluye como elemento del derecho constitucionalmente declarado el derecho de los padres a que sus hijos reciban educación en la lengua de preferencia de sus progenitores en el centro público de su elección, y que ese derecho tampoco resulta de su conjunción con el art. 14 de la Constitución”.

“El derecho a la educación que la Constitución garantiza no conlleva que la actividad prestacional de los poderes públicos en esta materia pueda estar condicionada por la libre opción de los interesados de la lengua docente”.

“La Administración educativa no puede abdicar de la obligación que en el Estatuto de autonomía se le impone de pretender normalizar el uso del gallego dentro de su esfera de competencias, pues en su artículo 5 define el gallego como lengua propia de Galicia, que los idiomas gallego y castellano son oficiales en Galicia y que todos tienen el derecho de conocerlos y usarlos y asimismo, establece que los poderes públicos de Galicia potenciarán el empleo del gallego en todos los planos de la vida pública, cultural e informativa, y que dispondrán de los medios necesarios para facilitar su conocimiento, mientras que la Ley 3/1983, de 15 de junio, de normalización lingüística, garantiza la igualdad del gallego y del castellano como lenguas oficiales de Galicia y asegura la normalización del gallego en todos los campos de la sociedad, mientras que su artículo 14 indica que al final de la enseñanza obligatoria se garantizará la igualdad de competencia lingüística en los dos idiomas oficiales.”

“La misma sentencia 337/1994, junto a la 137/1986, avala que la lengua gallega pueda servir de vehículo de comunicación con carácter general en la enseñanza y centro de gravedad del modelo de bilingüismo.”

(STSXG 01084/2007, que desestima o recurso da Asociación Gallega para la Libertad de Idioma (AGLI) contra o decreto vixente e se manifesta en dirección contraria ao informe do Consello Consultivo de Galicia sobre o mesmo)

As leis non avalaron nin avalan ese *“equilibrio”* do que falan os nosos gobernantes, senón que o galego, como lingua propia e necesitada de protección, se constitúa no centro de gravidade do sistema para a consecución dos obxectivos de normalización e de adquisición dunha competencia necesaria que permita unha igualdade real.

3. Os decretos 426/1991, do 12 de decembro, 245/1992, do 30 de xullo, 78/1993, do 25 de febreiro, e 275/1994, do 29 de xullo, polos que se establecen os currícula da educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, determinan como unha das finalidades de cada nivel educativo a utilización, de xeito apropiado, das linguas oficiais no ensino.
É necesario adapta-la normativa da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, ó novo marco de aplicación da Lei 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e seguir contribuíndo a que sexan realidade os obxectivos fixados na citada Lei de normalización lingüística, salientando o que dispón o artigo 14.3º: as autoridades educativas da Comunidade Autónoma garantirán que ó remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, os alumnos coñezan este, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán.

O Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983 de normalización lingüística para a súa aplicación ao ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios, recoñece que a adquisición dunha competencia comunicativa en galego por parte do alumnado só se pode conseguir a través da utilización vehicular desta lingua nunha parte significativa do currículo. Este feito ten que se ver agora completado coa derogación do citado decreto e a elaboración dunha nova normativa orientada á obtención dunha competencia axeitada do galego no ensino obrigatorio, co fin de propiciar a igualdade plena e efectiva entre as dúas linguas oficiais por parte de toda a poboación escolar garantindo igualmente a mesma competencia en ambas as dúas linguas.

O Decreto 124/2007, de 28 de xuño de 2007, orientouse nomeadamente cara á obtención dunha competencia axeitada en lingua galega no ensino obrigatorio, sen o establecemento dun número ou porcentaxe mínima de materias impartidas en lingua castelá, o cal podería chegar a cambiar o modelo de conxunción de linguas desenvolvido en Galicia desde o inicio da autonomía **cara a un modelo de inmersión. O Consello Consultivo (ditame 366/07) concluíu que o dito decreto non era conforme a dereito.**

En xuño de 2009, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, realizou unha consulta ás familias **dos máis de 330 mil** alumnos e alumnas matriculados no sistema educativo non universitario, co obxectivo de coñecer directamente a súa opinión sobre distintos aspectos da utilización das linguas na educación de Galicia, opinión que foi tida en consideración para a elaboración dun novo marco normativo. A súa participación, moi especialmente na Educación Infantil e Primaria, mostrou o interese e implicación das familias nas decisións que atinxen ao sistema educativo para os seus fillos e fillas. E os resultados, presentados en xullo de 2009 pola Administración educativa, puxeron de manifesto a necesidade de revisar o marco legal que regula as linguas como elementos vehiculares do ensino, advertiron da relevancia outorgada á aprendizaxe do inglés, ao lado das dúas linguas oficiais, e da aposta da sociedade galega por unha presenza equitativa das dúas linguas oficiais nun sistema educativo plurilingüe.

O Decreto 124/2007, de 28 de xuño de 2007, orientouse nomeadamente cara á obtención dunha competencia axeitada en lingua galega no ensino obrigatorio, sen o establecemento dun número ou porcentaxe mínima de materias impartidas en lingua castelá, o cal podería chegar a cambiar o modelo de conxunción de linguas desenvolvido en Galicia desde o inicio da autonomía **e aceptado por todos os galegos e galegas.**

En xuño de 2009, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, realizou unha consulta ás familias do alumnado matriculado no sistema educativo non universitario, co obxectivo de coñecer directamente a súa opinión sobre distintos aspectos da utilización das linguas na educación de Galicia, opinión que foi tida en consideración para a elaboración deste novo marco normativo. A súa participación, moi especialmente na Educación Infantil e Primaria, mostrou o interese e implicación das familias nas decisións que atinxen ao sistema educativo para os seus fillos e fillas. E os resultados, presentados en xullo de 2009 pola Administración educativa, puxeron de manifesto a necesidade de revisar o marco legal que regula as linguas como elementos vehiculares do ensino, advertiron da relevancia outorgada á aprendizaxe do inglés, ao lado das dúas linguas oficiais, e da aposta da sociedade galega por unha presenza equitativa das dúas linguas oficiais nun sistema educativo plurilingüe.

O decreto vixente recoñece que *“a adquisición dunha competencia comunicativa en galego por parte do alumnado só se pode conseguir a través da utilización vehicular desta lingua nunha parte significativa do currículo”*. Porén, para o actual goberno, o cumprimento estrito do acordado unanimemente no PXNLG en 2004 ¡constitúe un “perigo” para a lingua castelá!: *“sen o establecemento dun número ou porcentaxe mínima de materias impartidas en lingua castelá, o cal podería chegar a cambiar o modelo de conxunción de linguas desenvolvido en Galicia desde o inicio da autonomía”*. Cómpre lembrar que ningunha norma destas características desde “o inicio da autonomía” -maioritariamente ditadas polo PP no goberno- estableceu un *“número ou porcentaxe mínima de materias impartidas en lingua castelá”*; como por outra parte é lóxico, xa que se trata de normas de protección e fomento do galego. E que o *“cambio de conxunción de linguas desenvolvido en Galicia”* vaise producir realmente se se chega a aplicar esta proposta. É a primeira vez que se establece un teito para a presenza do galego no ensino.

Se ben no borrador desaparece a mención á “maldade” da inmersión, si que o seguen proclamando nas manifestacións públicas e publicadas. É dicir, se a inmersión se dá ao revés, válelles, pero se é o galego o que chega a ter maior presenza no ensino (o lóxico se partimos da situación de inferioridade que precisa, xa que logo, dunha acción de discriminación positiva para acadar o obxectivo de semellante competencias nas dúas linguas oficiais), daquela constitúe un “perigo”. Chama a atención que esta visión a teña precisamente un goberno de Galicia, que o é, entre outras cousas, grazas á lingua que pretenden acurrallar. Desapareceu do novo texto, de igual modo, e aínda que o SXPL se cansou de repetilo, a referencia mentireira ao ditame do Consello consultivo sobre o decreto en vigor, que presuntamente impediría precisamente esa maior presenza do galego como lingua vehicular e a esixencia de uso da lingua nas áreas correspondentes. As propias sentenzas posteriores avalaron que si era “conforme a dereito” e tiran por terra outro dos “argumentos” que se esgrimiron para a intención de derogación do decreto actual e da formulación desta nova proposta normativa.

Logo de reiteraren que as famosas (e alegais) “enquisas”, realizadas daquela maneira na fin do curso pasado, non terían valor de soporte legal, agora si que esgrimen os resultados (¿cales?, ¿publicados onde?) como baseamento substancial para esta proposta normativa. Parecen quererlle dar o valor dun referendo sen que tivese nin o marco legal nin as garantías mínimas de tal cousa; alén de que, como se leva reiterado por parte da sociedade, este asunto da lingua non só lles compete ás familias que teñen fillos ou fillas escolarizados, senón a todo o corpo social. Cómpre lembrar que dos alumnos e alumnas que se citaban nas bases (330.000), aproximadamente un 72% correspóndenlle ao ensino público (IGE) e que, sen coñecermos os resultados das enquisas, sabemos que nin se distribuíron á totalidade nin, en moitos casos, chegaron as respostas ao 50% do alumnado. Alén da ausencia interesada de posibles opcións (ensino todo en galego) e das que se produciron en sentido favorable á situación actual, velaí outro sustento argumentado para esta desfeita. O argumento falaz de que eses resultados *“puxeron de manifesto a necesidade de revisar o marco legal”* (que xa con meses de antelación determinara o actual goberno) ou *“o interese e implicación das familias nas decisións que atinxen ao sistema educativo para os seus fillos e fillas”* non se sostén para tomar decisións que só lle competen aos representantes elixidos (Parlamento) e ao goberno correspondente, no ámbito das súas competencias das que,

ademais, non poden facer renuncia. ¿Ou é que aplican esta doutrina a outros aspectos da educación, ou a outros eidos como a sanidade ou as finanzas?
Por outra parte, a participación das familias no ámbito educativo xa está regulada por leis de rango superior, como a propia LOE, e esta iniciativa desautoriza a mesma, coma tal nos consellos escolares, que nunca foron consultados.
Como tampouco o foron os claustros, en quen reside a competencia dos desenvolvementos curriculares.

Por todo o anterior, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, logo do dictame do Consello Escolar de Galicia e de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa sesión do catorce de setembro de mil novecientos noventa e cinco,

Na súa virtude e por proposta da conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, en uso das atribucións conferidas polos artigos 28.1º e 31 do Estatuto de autonomía de Galicia, a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e pola Lei 2/2007, do 28 de maio, do traballo en igualdade das mulleres, logo do informe do Consello Escolar de Galicia, oído o Consello Consultivo de Galicia, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e oito de xuño de dous mil sete,

Tendo en conta o anterior, é este o momento en que cómpre formular un novo marco normativo para o ensino non universitario que regule a distribución das linguas vehiculares das distintas materias de estudo e que teña como obxectivos o de garantir a competencia plena e semellante nas dúas linguas oficiais e o de acadar a adquisición dun coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s).

Tendo en conta o anterior, é este o momento en que cómpre formular un novo marco normativo para o ensino non universitario que regule a distribución das linguas vehiculares das distintas materias de estudo e que teña como obxectivos o de garantir a competencia plena e semellante nas dúas linguas oficiais e o de acadar a adquisición dun coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s).
Na súa virtude e por proposta da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en uso das atribucións conferidas polos artigos 28.1º e 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, tras o ditame do Consello Escolar de Galicia, oído o / de acordo co Consello consultivo de Galicia e logo da deliberación do Consello da Xunta na súa reunión do día XX,

E de todo o anteriormente comentado tiran en conclusión de que “é este o momento en que cómpre formular un novo marco normativo para o ensino non universitario que regule a distribución das linguas vehiculares das distintas materias de estudo e que teña como obxectivos o de garantir a competencia plena e semellante nas dúas linguas oficiais e o de acadar a adquisición dun coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s)”.

Artigo 1.º-Obxecto e ámbito de aplicación.
Este decreto desenvolve a Lei de normalización lingüística para a súa aplicación en todos os centros docentes públicos e privados que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

1. Obxecto e ámbito de aplicación
Este decreto baséase no marco lingüístico establecido pola Constitución española de 1978 e polo Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981, e desenvolve a Lei de normalización lingüística de 1983 para a súa aplicación en todos os centros docentes sostidos con fondos públicos e privados que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no ámbito da Comunidade autónoma de Galicia.

Artigo 1.-Marco normativo.
Este decreto baséase no marco lingüístico establecido pola Constitución española de 1978 e polo Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981. Ademais, desenvolve a Lei 3/1983, do 15 de xuño de normalización lingüística, **no relativo ao uso do galego no ensino nos niveis non universitarios**, e a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Artigo 2.-Ámbito de aplicación.
O presente Decreto é de aplicación en todos os centros docentes sostidos con fondos públicos, así como nos privados que imparten as ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no ámbito da Comunidade autónoma de Galicia.

O galego, lingua oficial da Administración educativa en Galicia.
Artigo 1º
1.-A Administración educativa de Galicia e os centros de ensino dela utilizarán, **con carácter xeral**, a lingua galega e fomentarán o seu uso tanto nas súas relacións mutuas e internas como nas que manteñan coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia.
2.-Os documentos administrativos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, das súas delegacións e dos centros de ensino dependentes dela,

Artigo 2º.-Uso da lingua galega na Administración educativa.
1. A Administración educativa de Galicia, os centros de ensino dependentes dela e o persoal ao seu servizo utilizarán, **con carácter xeral**, a lingua galega e fomentarán o seu uso oral e escrito tanto nas súas relacións mutuas e internas, como nas que manteñan coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia, sen que iso supoña unha restrición dos dereitos do persoal docente.
2. Os documentos administrativos da consellería competente en materia de educación e dos centros de

2. A lingua na Administración educativa
1. Na Administración educativa de Galicia, nos centros de ensino dependentes dela e entre o persoal ao seu servizo **promoverase a utilización** da lingua galega e fomentarse o seu uso oral e escrito tanto nas relacións mutuas e internas, como nas que manteñan coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia, sen que iso supoña unha restrición dos dereitos do persoal docente.
3. Nas actuacións administrativas de réxime interno dos centros docentes, como actas, comunicados e anuncios,

Artigo 3.-A lingua na Administración educativa.
1. Na Administración educativa de Galicia e nos centros de ensino dependentes dela así como entre o persoal ao seu servizo **utilizarase, con carácter xeral**, a lingua galega e fomentarse o seu uso oral e escrito, tanto nas relacións mutuas e internas, como nas que manteñan coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia, sen que iso supoña unha restrición dos dereitos do persoal docente.
3. Nas actuacións administrativas de réxime interno dos centros docentes, como actas, comunicados e anuncios,

<p>redactaranse, con carácter xeral, en galego, e neles constará o nome do centro e o topónimo do concello ou entidade de poboación na súa forma oficial.</p> <p>3.–As actuacións administrativas de réxime interno dos centros docentes, tales como actas, comunicados e anuncios, redactaranse, con carácter xeral, en galego. Tamén se redactarán en galego as actuacións administrativas que se realicen por solicitude de persoa interesada, agás nos casos en que ela pida que se fagan en castelán.</p> <p>4.–A documentación que teña que surtir efecto fóra da Comunidade Autónoma traducirase ó castelán, segundo se establece no artigo 36 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.</p>	<p>ensino dependentes dela redactaranse, con carácter xeral, en galego, e neles constará, cando sexa o caso, o nome do centro e o topónimo do concello ou entidade de poboación na súa forma oficial.</p> <p>3. As actuacións administrativas de réxime interno dos centros docentes, como actas, comunicados e anuncios, redactaranse, con carácter xeral, en galego, agás o referido a comunicacións con outras comunidades autónomas e cos órganos da Administración do Estado, radicados fóra da comunidade autónoma, nas que se utilizará o castelán. Ademais dos procedementos iniciados de oficio, tamén se redactarán en galego os procedementos tramitados por petición dos interesados, sen prexuízo do establecido no artigo 36.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.</p>	<p>fomentarase o uso da lingua galega, agás no referido a comunicacións con outras comunidades autónomas e cos órganos da Administración do Estado, radicados fóra da comunidade autónoma, nas que se utilizará o castelán. Ademais dos procedementos iniciados de oficio, tamén se fomentará o uso do galego nos procedementos tramitados por petición dos interesados, sen prexuízo do establecido no artigo 36.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.</p>	<p>usarase, con carácter xeral, a lingua galega, agás no referido a comunicacións con outras comunidades autónomas e cos órganos da Administración do Estado, radicados fóra da comunidade autónoma, nas que se utilizará o castelán. Ademais dos procedementos iniciados de oficio, tamén se usará o galego nos procedementos tramitados por petición dos interesados, sen prexuízo do establecido no artigo 36.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.</p>
---	--	---	--

No último borrador de decreto recóllese o mesmo ca no vixente e no do 95, tocante a que *“Na Administración educativa de Galicia, nos centros de ensino dependentes dela e entre o persoal ao seu servizo utilizarase, con carácter xeral, a lingua galega e fomentarase o seu uso oral e escrito”*. Modifícase así o recollido nas bases, nas que só se indicaba: *“promoverase a utilización da lingua galega e fomentarase o seu uso oral e escrito”*. Igualmente se modifica no borrador, consonte co decreto en vigor e o do 95, a referencia ás actuacións administrativas de réxime interno: *“redactaranse, con carácter xeral, en galego”* (247/1995 e 124/2007), *“usarase, con carácter xeral, a lingua galega”* (borrador de decreto), contra o que dicían as bases *“fomentarase o uso da lingua galega”*.

			<p>Artigo 4.-Principios.</p> <p>Os principios a partir dos que se elabora este decreto son os seguintes:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Garantía da adquisición dunha competencia semellante nas dúas linguas oficiais de Galicia. 2. Garantía do máximo equilibrio posible nas horas semanais e nas materias impartidas nas dúas linguas oficiais de Galicia, co obxectivo de asegurar a adquisición da competencia plena e semellante nelas. 3. Adquisición dun coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s), nun marco xeral de promoción do plurilingüismo no sistema educativo de Galicia. 4. Participación e colaboración das familias nas decisións que atinxen ao sistema educativo co obxectivo de contribuír á consecución dos seus obxectivos. 5. Promoción da dinamización da lingua galega nos centros de ensino.
--	--	--	---

Dos “principios” a partir dos que se elabora a proposta, podemos comentar:

1. *Garantía da adquisición dunha competencia semellante nas dúas linguas oficiais de Galicia.* Non é certo que co desenvolvemento do articulado se consiga esa competencia “semellante”.
 2. *Garantía do máximo equilibrio posible nas horas semanais e nas materias impartidas nas dúas linguas oficiais de Galicia, co obxectivo de asegurar a adquisición da competencia plena e semellante nelas.* O equilibrio horario non asegura en absoluto a competencia plena e semellante nas dúas linguas; máis ben impídea.
 3. *Adquisición dun coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s), nun marco xeral de promoción do plurilingüismo no sistema educativo de Galicia.* As medidas que se recollen con posterioridade tampouco promoven esa adquisición, alén do que xa está recollido en lexislacións de ámbito superior ou introducido xa con carácter voluntario nas chamadas seccións bilingües.
 4. *Participación e colaboración das familias nas decisións que atinxen ao sistema educativo co obxectivo de contribuír á consecución dos seus obxectivos.* Esa participación vén recollida igualmente nas leis de superior rango, como a LOE, e canalizada a través dos órganos do centros educativos, como o Consello escolar. En ningún caso se contempla que, mesmo sobordando eses órganos, as familias poidan decidir sobre elementos do currículo, ignorando o Claustro e o propio Consello escolar.
 5. *Promoción da dinamización da lingua galega nos centros de ensino.* O desenvolvemento desta proposta realmente iría na dirección contraria ao principio que aquí se contempla.
- Estamos, polo tanto e como xa se dixo, ante un exercicio de cinismo sen parangón, que intenta darlle unha aparencia legal e sustentada en “principios” a unha proposta articulada que camiña en dirección oposta.

Sobre o obxectivo legal de acadaren a mesma competencia lingüística nas dúas linguas oficiais, cómpre lembrar:

- Para acadar a semellante competencia non se pode partir de falsos equilibrios horarios, que realmente incrementan a desvantaxe da lingua que está en posición máis feble. O galego debe ser, polo tanto, a lingua que supoña o centro de gravidade do currículo, porque a igualdade non se dá no proceso, senón no resultado.
 - O plurilingüismo non implica unha competencia exactamente igual en todas as linguas; sería absurdo aplicar ese criterio, por exemplo, ao idioma estranxeiro.
 - Non se pode esquecer que a administración ten encargada pola lei, ademais, a promoción da lingua propia. É dicir, debe realizar accións que permitan modificar os comportamentos lingüísticos a respecto do galego.
- Estas consideracións implican necesariamente que, en moitos dos ámbitos nos que se desenvolve o ensino, resulta imprescindible a inmersión lingüística, como método eficaz para a consecución dos obxectivos legais marcados para o ensino obrigatorio.

<p>Artigo 2º 1.-A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Política Lingüística, é o departamento administrativo competente para organizar, coa colaboración – se é o caso – doutras institucións, especialmente da Escola Galega de Administración Pública, cursos de galego tanto para o persoal docente como non docente da Administración educativa, co fin de que acaden un grao de dominio da lingua galega que facilite o exercicio do dereito a usala, así como para facer un uso correcto dela dentro do ámbito académico e ademais para lles garantir satisfactoriamente ese dereito ás persoas que teñen relación coa Administración educativa.</p>	<p>Artigo 3º.-Plan de formación. A consellería competente en materia de educación e a Secretaría Xeral de Política Lingüística desenvolverán un plan de formación, coa colaboración, se é o caso, doutras institucións, que garanta que todo o persoal dos centros educativos de Galicia e dos servizos de apoio cuxo persoal dependa da consellería teña un coñecemento dos aspectos sociolingüísticos do idioma e unha competencia oral e escrita suficiente para comunicarse e para desenvolver a súa actividade profesional en galego. Nesta planificación, que terá unha execución gradual, fixaranse prazos e etapas, e daráselles prioridade á situación e aos colectivos con máis carencias.</p>	<p>11. Plan de formación 1. A consellería competente en materia de educación desenvolverá un plan de formación, coa colaboración, se é o caso, doutras institucións, que garanta que todo o persoal dos centros educativos de Galicia e dos servizos de apoio cuxo persoal dependa da consellería teña unha competencia oral e escrita suficiente para comunicarse e para desenvolver a súa actividade profesional en galego e un coñecemento da situación sociolingüística de Galicia. 2. Tamén se desenvolverá anualmente un plan de formación en linguas estranxeiras coa finalidade de aumentar progresivamente a dispoñibilidade de profesorado con capacitación efectiva para a impartición de materias e de contidos en lingua(s) estranxeira(s).</p>	<p>Artigo 16.-Plan de formación. 1. A consellería competente en materia de educación desenvolverá un plan de formación, coa colaboración, se é o caso, doutras institucións, que garanta que todo o persoal dos centros educativos de Galicia e dos servizos de apoio cuxo persoal dependa da consellería teña unha competencia oral e escrita suficiente para comunicarse e para desenvolver a súa actividade profesional en galego e un coñecemento da situación sociolingüística de Galicia.</p>
--	---	--	--

Con respecto ao plan de formación desaparece, tanto nas bases coma no borrador, a referencia actual á “*planificación, que terá unha execución gradual, fixaranse prazos e etapas, e daráselles prioridade á situación e aos colectivos con máis carencias*” que figura no actual decreto.

As bases incorporaban, ademais un plan de formación en linguas estranxeiras -coma en xeral, realmente estanse a referir exclusivamente ao inglés-, que agora vai no capítulo IV.

	<p>Artigo 4º.-Formación dos funcionarios e funcionarias en prácticas. O persoal seleccionado nos procedementos selectivos de ingreso nos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, realizará durante a fase de prácticas un curso de formación específico de terminoloxía, estilos, linguaxes propias da especialidade e aspectos sociolingüísticos, que lle permita desenvolver correctamente en galego as súas funcións e tarefas.</p>	<p>12. Formación dos funcionarios e funcionarias en prácticas O persoal seleccionado nos procedementos selectivos de ingreso nos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, realizará durante a fase de prácticas un curso de formación específico de terminoloxía, estilos, linguaxes propias da especialidade e aspectos sociolingüísticos, que lle permita desenvolver correctamente en galego as súas funcións e tarefas.</p>	<p>Artigo 17.-Formación dos funcionarios e funcionarias en prácticas. O persoal seleccionado nos procedementos selectivos de ingreso nos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, realizará durante a fase de prácticas un curso de formación específico de terminoloxía, estilos, linguaxes propias da especialidade e aspectos sociolingüísticos, que lle permita desenvolver correctamente en galego as súas funcións e tarefas.</p>
	<p>Artigo 5º.-Concurso de traslados. Para poder participar no concurso xeral de traslados a prazas en que é preceptivo impartir o ensino en lingua galega, o profesorado terá que acreditar a capacitación nesta, e deberá estar en posesión do curso de perfeccionamento de lingua galega, da súa validación ou títulos equivalentes.</p>	<p>13. Concurso de traslados Para poder participar no concurso xeral de traslados a prazas en que é preceptivo impartir o ensino en lingua galega, o profesorado terá que acreditar a capacitación nesta, para o cal deberá estar en posesión da Certificación da Lingua Galega (CELGA) correspondente, da súa validación ou de títulos equivalentes.</p>	

Desaparece no borrador a referencia á acreditación necesaria para poder participar no concurso de traslados, que si existe no actual decreto e tamén se recollía nas bases.

<p>As linguas oficiais en Galicia como materia de ensino e o ensino en lingua galega.</p> <p>Artigo 3º 1.–Nas ensinanzas de réxime xeral e de educación das persoas adultas, recollidas na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, asignarase globalmente o mesmo número de horas ó ensino da lingua galega e da lingua castelá. 2.–Nas clases de lingua galega e literatura e lingua castelá e literatura, usarase respectivamente o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado.</p>	<p>Artigo 6º.-Horario da lingua galega. 1. Nas ensinanzas de réxime xeral e na educación de persoas adultas, recollidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, asignaráselle globalmente o mesmo número de horas ao ensino da lingua galega e da lingua castelá. 2. Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado. Nas programacións e outros documentos didácticos referidos á lingua castelá poderase utilizar esa lingua.</p>	<p>7. Horarios e utilización das linguas 1. Nas ensinanzas de réxime xeral e na educación de persoas adultas, recollidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, asignaráselle globalmente o mesmo número de horas ao ensino da lingua galega e da lingua castelá. 2. Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado. 2. A lingua na Administración educativa 2. As programacións e outros documentos didácticos das materias de lingua redactaranse, con carácter xeral, na lingua respectiva.</p>	<p>Artigo 12.-Horarios e utilización das linguas. 1. Nas ensinanzas de réxime xeral e na educación de persoas adultas, recollidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, asignaráselle globalmente o mesmo número de horas ao ensino da lingua galega e da lingua castelá. 2. Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado. Artigo 3.-A lingua na Administración educativa 2. As programacións e outros documentos didácticos das materias de lingua redactaranse, con carácter xeral, na lingua respectiva.</p>
---	---	---	---

Mentres que no actual decreto se recolle “nas programacións e outros documentos didácticos referidos á lingua castelá poderase utilizar esa lingua”, nas bases e no borrador indícase que “as programacións e outros documentos didácticos das materias de lingua redactaranse, con carácter xeral, na lingua respectiva”. A pregunta é, sendo as programacións e algúns outros documentos didácticos de uso e consulta por parte doutro profesorado, coordinadores/as, direccións, inspección educativa..., ¿suponse que os relacionados co inglés tamén se redactarán nese idioma? ¿Resulta obrigado o coñecemento dese idioma para as persoas citadas?

<p>Artigo 4º 1.–Na etapa de educación infantil e no primeiro ciclo da educación primaria os profesores e profesoras usarán na clase a lingua materna predominante entre alumnos e alumnas, terán en conta a lingua ambiental e coidarán que adquiran de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios da correspondente etapa ou ciclo. 2.–Atenderase de xeito individualizado a aqueles alumnos e alumnas do grupo que non teñan coñecemento suficiente da lingua materna predominante, segundo se sinala no punto anterior.</p>	<p>Artigo 7º.-Educación infantil. 1. Na etapa de educación infantil, o profesorado usará na clase a lingua materna predominante entre o alumnado, terá en conta a lingua do contorno e coidará de que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios da correspondente etapa ou ciclo. No caso de contornos castelán falantes, a utilización nesta etapa da lingua galega como lingua de comunicación e ensinanza será, como mínimo, igual á da lingua castelá. Fomentarase a adquisición progresiva da lectura e da escritura en galego, no sentido de que este se convirta no idioma base da aprendizaxe, de xeito que o alumnado obteña unha competencia que lle permita comunicarse normalmente en galego co alumnado e o profesorado. 2. A lingua materna predominante será determinada polo claustro, de acordo cos criterios establecidos no proxecto lingüístico. Para o establecemento da lingua materna deberán terse en conta, entre outros, os datos achegados polo mapa sociolingüístico de Galicia, os datos estatísticos oficiais e a información achegada polos pais e nais.</p>	<p>3. Educación infantil 1. Na etapa de educación infantil, o profesorado usará na aula a lingua predominante entre o alumnado, terá en conta a lingua do contorno e coidará que adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites da etapa ou ciclo. Garantirase que se atenderá de xeito individualizado o alumnado que non teña coñecemento suficiente da lingua predominante na aula. 2. A lingua predominante do alumnado determinarase preguntándolle a cada familia pola lingua materna do seu fillo ou filla. Esta consulta farase mediante unha pregunta que as familias contestarán durante o proceso de preinscrición. 3. Cada centro educativo deberá facer constar no seu proxecto lingüístico de centro as actividades e estratexias de aprendizaxe empregadas para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da lingua oficial non predominante.</p>	<p>Artigo 5.-Educación infantil. 1. Na etapa de educación infantil, o profesorado usará na aula a lingua predominante entre o alumnado, se ben deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo. 2. A lingua predominante do alumnado determinarase de acordo co resultado dunha consulta que se efectuará a cada familia antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna do seu fillo ou filla. 3. Atenderase de xeito individualizado o alumnado que non teña coñecemento suficiente da lingua predominante. 4. Cada centro educativo deberá facer constar no seu proxecto lingüístico as actividades e estratexias de aprendizaxe empregadas para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das dúas linguas oficiais.</p>
--	--	--	--

O decreto do 1995 agrupaba a educación infantil e o primeiro ciclo da primaria aos efectos da determinación da lingua vehicular. O vixente establece un diferente tratamento para o primeiro ciclo de educación primaria, que incorpora a todos os efectos ao resto da etapa, aspecto que tamén recollen tanto as bases coma o borrador de decreto.

Se no máis antigo dos aquí analizados e no actualmente en vigor se fala de “*lingua materna predominante*”, nas bases e no borrador cítase a “*lingua predominante entre o alumnado*”. Este cambio tampouco parece menor nin irrelevante, dado que ambas expresións non resultan equiparables, polos mesmos motivos que mesmamente están na base da normalización: son moitas as familias que educan os seus fillos e fillas en castelán malia seren galegofalantes ou viviren en contornos desas características. En todo caso, a LNL fala (art. 13) de “*lingua materna*”.

No caso do decreto vixente, a lingua materna predominante será determinada polo claustro, de acordo cos criterios establecidos no proxecto lingüístico, tendo en conta, entre outros, os datos do mapa sociolingüístico de Galicia, os datos estatísticos oficiais e a información achegada polos pais e nais. Porén, nas bases e no borrador substitúese todo este procedemento por unha pregunta (“*consulta*”, na última versión) ás familias durante o proceso de preinscrición (“*antes do comezo do curso escolar*”, no caso do borrador). O que non se aclara é se esta consulta se limitará ás familias dos nenos e nenas que se incorporan ao 4º curso de Ed. Infantil (3 anos) ou se se dará tamén nos seguintes, escenario este que resultaría absolutamente caótico. Non se ten en conta a flutuación a que están sometidos normalmente as matrículas nesta etapa non obrigatoria, na que son frecuentes variacións ao longo do curso por diferentes motivos (baixas, traslados...). Adoptaríanse así decisións que poderían ser contrarias ao estipulado dependendo destas conxunturas e que condicionarían o que ocorre ao longo da etapa.

Alén de facer depender un aspecto fundamental da escolarización e do currículo dunha decisión familiar, ao noso entender caso inaudito e fóra de toda lóxica no funcionamento pedagóxico dos centros, en se dando cando aínda están sen conformar os grupos onde haxa máis dun por nivel, pode levar en moitos casos (e de feito tememos que así vai suceder) a unha segregación en aulas por razón de lingua, que está prohibida expresamente na LNL, “art. 13.3: *Os alumnos non poderán ser separados en centros diferentes por razóns da lingua. Tamén se evitará, a non ser que con carácter excepcional as necesidades pedagóxicas así o aconsellaren, a separación en aulas diferentes*”. De certo que unha consecuencia deste tipo condicionará tamén a escolarización na(s) seguinte(s) etapas e contribuirá de xeito efectivo e sen retorno a unha desaparición do propia conxunción de linguas que a normativa di defender, constituíndo un alicerce negativo cara a unha fractura social inexistente ata agora no país.

Desaparece igualmente das bases e do borrador a determinación recollida no actual decreto, consonte co PXNLG, de que nos “*contornos castelán falantes, a utilización nesta etapa da lingua galega como lingua de comunicación e ensinanza será, como mínimo, igual á da lingua castelá. Fomentarase a adquisición progresiva da lectura e da escritura en galego, no sentido de que este se convirta no idioma base da aprendizaxe*”.

Tanto as bases coma o borrador establecen para esta etapa unhas determinacións regresivas a respecto do galego en comparación co que se contempla no decreto vixente. Abonda con reparar nos tres textos para nos decatarmos da transcendencia destas variacións nunha etapa que resulta decisiva para a adquisición das competencias lingüísticas e para a ampliación do uso da lingua.

Igualmente, a determinación da lingua a utilizar resulta simplista de máis na nova proposta e conduce a que poida variar cada ano en función da correlación que exista en cada momento, de xeito que perde senso a planificación lingüística dos centros, supoñendo un elemento desestabilizador do sistema, que queda ao par de posibles decisións alleas e cambiantes.

3.–No segundo e no terceiro ciclos de educación primaria impartiranse en galego dúas áreas de coñecemento, cando menos, sendo unha delas a área de coñecemento do medio natural, social e cultural.

Artigo 8º.-Educación primaria.

En toda a etapa da educación primaria garantirase o cumprimento do establecido para esta etapa no Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado polo Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004 que se inclúe como anexo a este decreto. Impartiranse obrigatoriamente en galego as áreas de matemáticas, coñecemento do medio natural, social e cultural e educación para a cidadanía e dereitos humanos, garantindo a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais da comunidade autónoma.

4. Educación primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato

1. En Educación primaria, ESO e Bacharelato, garantirase a adquisición da **competencia** lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais da comunidade autónoma e **potenciarase a adquisición dunha competencia efectiva en lingua(s) estranxeira(s), principalmente en lingua inglesa.** Con esa finalidade, establécese que un **terzo** das horas semanais se oferte en galego e outro **terzo** en castelán, e prevese que o **terzo** restante se poida impartir en lingua(s) estranxeira(s).
2. En Educación Primaria, as materias lingüísticas impartiranse na lingua de referencia. Das materias Coñecemento do medio natural, social e cultural e Matemáticas, unha impartirase en galego e outra en castelán **segundo a opinión das familias, que será vinculante.** Cada centro educativo, **a través do seu Consello Escolar,** decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias, establecendo un equilibrio nas horas semanais ofertadas **en galego, en castelán e en lingua(s) estranxeira(s).** En calquera caso, o número de materias ofertadas en galego e en castelán, respectivamente, non será inferior a un terzo do horario lectivo semanal, e non se poderá ofertar un número de materias en lingua(s) estranxeira(s) que supere un terzo do horario lectivo semanal.

De maneira excepcional, os centros educativos que queiran impartir en lingua estranxeira as materias de Matemáticas ou Coñecemento do medio natural, social e cultural deberán aprobalo no Consello Escolar, previa consulta ás familias, e solicitalo á Administración Educativa, que examinará cada solicitude e autorizará a súa impartición. Será preceptivo que o centro educativo presente un horario semanal equilibrado de materias impartidas en galego, castelán e lingua(s) estranxeira(s).

Artigo 6.-Educación primaria.

1. Garantirase a adquisición da **capacitación** lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.

2. As materias de lingua impartiranse **no idioma de referencia.**
3. **Con carácter xeral, impartirase en galego a materia de coñecemento do medio natural, social e cultural, e en castelán a materia de matemáticas.**
4. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, **as familias do alumnado de cada curso de educación primaria serán consultadas, cada catro cursos escolares, sobre a dita asignación lingüística.**
5. A asignación lingüística será **modificada polo Consello Escolar** do centro educativo cando, como resultado da consulta sinalada no punto anterior, **así o determine a metade máis unha das familias do alumnado matriculado na etapa.**
6. Cada centro educativo, **segundo o procedemento establecido no regulamento de centros,** decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias **en galego e en castelán** se distribúen na mesma porcentaxe das horas semanais, **sen prexuízo do disposto no Capítulo IV (sobre a impartición de materias en linguas estranxeiras).** Este proceso realizarase cada catro cursos escolares.

As determinacións recollidas no decreto actual sobre esta etapa fan referencia explícita ao PXNLG (que figura como anexo na parte final do citado decreto): “2.1.26. *Na educación primaria garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego. Á parte da área de coñecemento do medio natural, social e cultural, xa fixada legalmente, fomentarase que se impartan nesta lingua materias troncais en toda a etapa, como as matemáticas*”. Deste xeito, o decreto vixente estipula que se desenvolvan en galego o Coñecemento do medio natural, social e cultural, as Matemáticas e a Educación para a cidadanía (lémbrese, unicamente 2 horas semanais en 6º de Ed. primaria)

Hai que lembrar que o decreto anterior do 1995 (do PP e con Fraga de presidente da Xuta de Galicia), determinaba que fosen “en galego dúas áreas de coñecemento, cando menos, sendo unha delas a área de coñecemento do medio natural, social e cultural”. É dicir que, na práctica, nada impediría que daquela se dese unha situación semellante á actual e absolutamente diferente da proposta polo borrador. Logo de que as bases introducisen de xeito inxustificable a incorporación dun terzo das áreas para impartir en inglés (que o borrador despraza aínda que con carácter voluntario ao capítulo IV e só entendible dende a perspectiva de reducir a presenza do galego como lingua vehicular), a última proposta establece unha determinación que non ten sustento en ningún criterio nin científico nin razoable: o Coñecemento do medio será en galego e as Matemáticas en castelán, deixando as outras “materias”, agás as linguas (por certo, ¿o inglés impartirase neste idioma e sempre, tamén nos primeiros cursos? ¿cara a que idioma se farán as traducións?) a repartir “na mesma porcentaxe das horas semanais” entre galego e castelán. Este último reparto decidírao cada centro “segundo o procedemento establecido no regulamento de centros” (o ROC actual non contempla este suposto e outro, simplemente, non existe). Se excluímos as “materias” de lingua, no caso desta etapa o “reparto” redúcese semanalmente na práctica a: Ed. artística (2 horas), Ed. física (2 horas), Relixión (1 ou 2 horas) e Ed. para a cidadanía (2 horas en 6º). Xaora que, segundo o borrador, esa asignación ou escolla entre o Coñecemento do Medio e as Matemáticas pode ser variada como resultado dunha consulta ás familias (“a metade máis unha das familias do alumnado matriculado na etapa”) cada catro anos. É dicir, que se a metade máis unha das familias de toda a etapa (seis niveis e os grupos que sexan) escollen unha opción valería para todos os demais, independentemente de cales fosen as características da súa escolarización anterior (en infantil ou en calquera grupo de primaria). ¡Fantástica organización e espléndida planificación lingüística!

Ademais, esa asignación consultada ás familias “será modificada polo Consello escolar” cando así o determine esa “maioría” (allea ao propio órgano). Na recente “negociación” da Consellería cos sindicatos na mesa sectorial, e que estes abandonaron pola ausencia precisamente de negociación ningunha, un deles permaneceu na reunión e gabouse despois precisamente de conseguir que a Consellería modificase este aspecto prescindindo do Consello escolar. Dende logo, resulta difícil pensar que o Consello escolar “teña” que aprobar unha variación así porque o determinen as familias deses grupos. O Consello escolar representa toda a comunidade e ademais é soberano para votar libremente o que os seus membros decidan. Por outra parte, resulta paradoxal que precisamente este órgano, elixido democraticamente mediante as correspondentes votacións entre os diferentes sectores da comunidade educativa, non pinche nin corte nun asunto de tanta transcendencia e no que, por outra parte, terá competencia directa, dado que aprobará o Proxecto educativo, no que estará inserido o Proxecto lingüístico (art. 14.1 e 2). Pero é que, para rematala e segundo a redacción do borrador, non se deduce claramente se o que poden cambiar as familias co seu “voto” cada catro anos é cal desas dúas áreas se impartirán en galego e castelán ou se realmente poderían ser as dúas impartidas nunha delas. Mesmo se presentan dúbidas sobre o resultado desta cuestión coa redacción do capítulo IV sobre o inglés e que comentamos alí: “sen prexuízo do disposto no Capítulo IV (sobre a impartición de materias en linguas estranxeiras)”.

Artigo 5º

- 1.–Na educación secundaria obrigatoria impartirase en galego a área de ciencias sociais (xeografía e historia) e a área de ciencias da natureza.
- 2.–Das materias optativas impartiranse en galego as de ciencias medioambientais e da saúde e, se é o caso, a optativa ofertada polo centro.

Artigo 9º.-Educación secundaria obrigatoria.

1. Na educación secundaria obrigatoria impartiranse en galego as seguintes materias: ciencias da natureza, ciencias sociais, xeografía e historia, matemáticas e educación para a cidadanía. Cando a materia de ciencias da natureza se desdobre en bioloxía e xeoloxía, por un lado, e física e química, por outro, ambas as dúas materias impartiranse en galego.
2. Ademais das materias establecidas na epígrafe anterior, o claustro completará o número de materias, excluída a materia que a Lei orgánica de educación determina de carácter voluntario para o alumnado, que garantan o cumprimento do establecido para esta etapa no Plan xeral da normalización da lingua galega aprobado polo Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004 que se inclúe como anexo a este decreto.
3. A educación secundaria obrigatoria proporcionaralle a todo o alumnado unha boa competencia nas dúas linguas oficiais que repercuta de forma positiva no seu uso.

3. En Educación Secundaria Obrigatoria, as materias lingüísticas impartiranse na lingua de referencia, e as familias decidirán en que lingua oficial se imparten as materias de Matemáticas e Ciencias Sociais, opinión que será vinculante.

Cada centro educativo, a través do seu Consello Escolar, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias, establecendo un equilibrio nas horas semanais ofertadas en galego, en castelán e en lingua(s) estranxeira(s). En calquera caso, o número de materias ofertadas en galego e en castelán, respectivamente, non será inferior a un terzo do horario lectivo semanal, e non se poderá ofertar un número de materias en lingua(s) estranxeira(s) que supere un terzo do horario lectivo semanal.

De maneira excepcional, os centros educativos que queiran impartir en lingua estranxeira as materias de Matemáticas ou Ciencias Sociais deberán aprobalo no Consello Escolar, previa consulta ás familias, e solicitálo á Administración Educativa, que examinará cada solicitude e autorizará a súa impartición. Será preceptivo que o centro educativo presente un horario semanal equilibrado de materias impartidas en galego, castelán e lingua(s) estranxeira(s).

Artigo 7.-Educación secundaria obrigatoria.

1. Garantirase a adquisición da **capacitación** lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.
2. As materias de lingua impartiranse **na lingua de referencia.**
3. **Con carácter xeral, impartiranse en galego as materias de ciencias sociais, xeografía e historia, ciencias da natureza e bioloxía e xeoloxía, e en castelán as materias de matemáticas, tecnoloxías e física e química.**
4. **Sen prexuízo do establecido no punto anterior, as familias do alumnado de cada curso de educación secundaria obrigatoria serán consultadas, cada catro cursos escolares, sobre a dita asignación lingüística.**
5. A asignación lingüística será **modificada polo Consello Escolar** do centro educativo cando, como resultado da consulta sinalada no punto anterior, **así o determine a metade máis unha das familias do alumnado matriculado na etapa.**
6. Cada centro educativo, **segundo o procedemento establecido no regulamento de centros,** decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias **en galego e en castelán** se distribúen na mesma porcentaxe das horas semanais, **sen prexuízo do disposto no Capítulo IV (sobre a impartición de materias en linguas estranxeiras).** Este proceso realizarase cada catro cursos escolares.

As determinacións recollidas no decreto actual sobre esta etapa tamén fan referencia explícita ao PXNLG (que figura como anexo na parte final do citado decreto): “2.1.27. Na educación secundaria obrigatoria garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego. Dentro das posibilidades de cada centro, tenderase a que entre as materias que se impartan nese idioma figuren as matemáticas e a tecnoloxía, á parte das que xa están legalmente establecidas”. Deste xeito, ademais das contempladas no antigo decreto de 1995, o decreto vixente estipula basicamente que se desenvolvan en galego as Matemáticas e que se complete ata conseguir o obxectivo marcado no PXNLG. Sobre o que recolle o borrador para esta etapa, as consideracións achegadas no comentario anterior son esencialmente válidas tamén para este artigo, incorporando igualmente e por primeira vez na historia da normalización lingüística no ensino un tope para o galego.

<p>Artigo 6º 1.–No primeiro curso de bacharelato impartirase en lingua galega como materia común a filosofía e como materias específicas de modalidade as seguintes: tecnoloxía industrial I (bacharelato de tecnoloxía); bioloxía e xeoloxía (bacharelato de ciencias da natureza e da saúde); historia do mundo contemporáneo (bacharelato de humanidades e ciencias sociais); debuxo técnico (bacharelato de artes). 2.–No segundo curso de bacharelato o alumnado recibirá o ensino en galego de historia, como materia común, e como materias específicas de modalidade: debuxo técnico, tecnoloxía industrial (bacharelato de tecnoloxía); ciencias da terra e medioambientais, debuxo técnico (bacharelato de ciencias da natureza e da saúde); xeografía, historia da arte, historia da filosofía (bacharelato de humanidades e ciencias sociais); historia da arte (bacharelato de artes). 3.–Así mesmo serán impartidas en galego as seguintes materias optativas: ética e filosofía do dereito, introducción ás ciencias políticas e socioloxía e historia e xeografía de Galicia.</p>	<p>Artigo 10º.-Bacharelato. No bacharelato, o alumnado recibirá, polo menos, o cincuenta por cento da súa docencia en galego, nos termos establecidos para esta etapa no Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado polo Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004 que se inclúe como anexo a este decreto para alcanzar a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas.</p>	<p>4. En Bacharelato, cada centro educativo aprobará unha oferta equilibrada de materias comúns, de modalidade e optativas para impartir en galego, en castelán e en lingua(s) estranxeira(s).</p>	<p>Artigo 8.-Bacharelato. Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, establecerá unha oferta equilibrada na mesma porcentaxe de materias comúns, de modalidade e optativas para impartir en galego e en castelán. Este proceso realizarase cada catro cursos escolares.</p>
--	---	---	--

No caso do Bacharelato, o decreto de 1995 mencionaba expresamente as áreas que se debían impartir en galego. No decreto actualmente en vigor, faise referencia ao anterior no tocante a que, mentres non se desenvolva o currículo do bacharelato LOE (publícase con posterioridade, no 2008), segue o anterior vixente (disposición transitoria). En todo caso, o alumnado recibirá “*polo menos, o cincuenta por cento da súa docencia en galego*”. As bases renunciaban a dispoñer para esta etapa nada particular, máis alá da reiterada determinación dun terzo para cada lingua, que o borrador modifica establecendo a “mesma porcentaxe” en galego e en castelán. Tamén pode cambiar todo cada catro anos ou coa aplicación do capítulo IV.

<p>4.–Na formación profesional específica de grao medio e superior o alumnado recibirá ensino en galego nas áreas de coñecemento teórico-práctico que faciliten a súa integración socio-laboral.</p>	<p>Artigo 11º.-Formación profesional específica, ensinanzas artísticas e deportivas Na formación profesional específica, nas ensinanzas artísticas e nas deportivas, de grao medio ou superior, impartiranse en galego os módulos atribuídos á especialidade de formación e orientación laboral e os módulos profesionais que decida a dirección, oídos os departamentos correspondentes que deberán supoñer o cumprimento do establecido para esta etapa no Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado polo Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004 que se inclúe como anexo a este decreto, para alcanzar a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas. En todos os módulos garantirase que o alumnado coñeza o vocabulario específico en lingua galega.</p>	<p>5. Formación profesional específica, ensinanzas artísticas e deportivas 1. Na formación profesional específica, nas ensinanzas artísticas e nas deportivas, de grao medio ou superior, cada centro educativo garantizará que o desenvolvemento das ensinanzas asegure que o alumnado alcance a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas oficiais. 2. En todos os módulos garantirase que o alumnado coñeza o vocabulario específico en galego. 3. Desenvolveranse as habilidades de comunicación oral e escrita para facilitar o desempeño laboral no espazo europeo.</p>	<p>Artigo 9.-Formación profesional específica, ensinanzas artísticas e deportivas. 1. Na formación profesional específica, nas ensinanzas artísticas e nas deportivas, de grao medio ou superior, cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, establecerá unha oferta equilibrada de materias e módulos en galego e en castelán que asegure que o alumnado acade a capacitación lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais. 2. En todos os módulos garantirase que o alumnado coñeza o vocabulario específico nas linguas oficiais.</p>
--	---	---	--

Na Formación profesional, ensinanzas artísticas e deportivas, os decretos de 1995 e actual establecen materias que deben impartirse en galego (no caso do actual, seguindo o PXNLG, o 50%). Nas bases e no borrador non aparece regulación ningunha, alén da xeral e común de garantir a competencia (“capacitación” no borrador) propia do nivel nas dúas linguas oficiais e o coñecemento do vocabulario específico en galego (“nas dúas linguas oficiais”, no borrador).

	<p>Artigo 12. Ensinanzas de persoas adultas 1. Nos niveis I e II de ensinanzas de persoas adultas impartirase en galego, como mínimo, o cincuenta por cento da docencia; no nivel III (ESO) e no bacharelato,</p>	<p>6. Ensinanzas de persoas adultas 1. Nos niveis de ensinanzas de persoas adultas, cada centro educativo garantizará que o desenvolvemento das ensinanzas asegure que o alumnado alcance a</p>	<p>Artigo 10.-Ensinanzas de persoas adultas. 1. Nos niveis de ensinanzas de persoas adultas, cada centro educativo garantizará que o desenvolvemento das ensinanzas asegure que o alumnado acade a</p>
--	--	--	---

	<p>as ensinanzas impartiranse integramente en galego, agás as materias doutras linguas. 2. Establecerase un plan específico destinado á nova poboación inmigrante que se está a asentarse en Galicia, que prevexa formación lingüística, coñecementos históricos e socioculturais.</p>	<p>competencia lingüística propia do nivel en ambas linguas oficiais. 2. Establecerase un plan específico destinado á nova poboación inmigrante que se está a asentarse en Galicia, que prevexa formación lingüística, coñecementos históricos e socioculturais.</p>	<p>competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais. 2. Establecerase un plan específico destinado á nova poboación inmigrante que se está a asentarse en Galicia, que prevexa formación lingüística, coñecementos históricos e socioculturais.</p>
<p>Nas ensinanzas de persoas adultas, o decreto vixente recolle o 50% de uso do galego para os niveis I e II, e a totalidade (agás as materias doutras linguas) para o nivel III (ESO) e bacharelato. As bases e o borrador renuncian tamén a unha regulación específica e recollen só a estipulación xeral de que cada centro garantirá a competencia propia do nivel nas dúas linguas oficiais. Neste caso, a interpretación pode permitir que só se imparta en galego a área da lingua.</p>			
<p>Artigo 7º Segundo o disposto no artigo 13.3º da Lei de normalización lingüística, os alumnos e as alumnas non poderán ser separados en centros nin aulas diferentes por razón da lingua.</p>			
<p>Este artigo, que aparece no decreto de 1995, non se recolle nin no vixente, nin nas bases nin no borrador. En todo caso, non resulta imprescindible, xa que se trata do que contempla a Lei de Normalización Lingüística no seu artigo 13.3º: “Os alumnos non poderán ser separados en centros diferentes por razóns da lingua. Tamén se evitará, a non ser que con carácter excepcional as necesidades pedagóxicas así o aconsellaren, a separación en aulas diferentes”.</p>			
			<p>Artigo 11.-Potenciación da lingua galega nos centros. Coa finalidade de promover o uso do galego nos centros, establecerase un programa regular de actividades de fomento da lingua en cada centro educativo, no marco do seu proxecto lingüístico e coa participación de toda a comunidade educativa, con especial atención ás liñas de actuación que permitan un incremento no uso do galego nas actividades extraescolares e complementarias.</p>
<p>Haberá que ver en que se concreta esa promoción dun “programa regular de actividades de fomento da lingua en cada centro”, alén das accións realizadas na actualidade polos Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística. Está ben que se deseñen actuacións a respecto das actividades complementarias e extraescolares, tal e como xa recolle o decreto vixente no artigo 14.5.</p>			
<p>Artigo 8º 1.–Nas áreas ou materias impartidas en lingua galega débese procurar que os alumnos e as alumnas a utilicen nas manifestacións oral e escrita.</p>	<p>Artigo 13º.-Elaboración e publicación de materiais curriculares en galego. 1. Nas áreas, materias ou módulos impartidos en lingua galega, o alumnado utilizará, con carácter xeral, o galego nas manifestacións oral e escrita.</p>	<p>7. Horarios e utilización das linguas 3. En todas as áreas, materias ou módulos impartidos en galego ou castelán o alumnado podrá utilizar nas manifestacións oral e escrita a lingua oficial da súa preferencia.</p>	<p>Artigo 12.-Horarios e utilización das linguas. 3. En todas as áreas, materias ou módulos, agás nas sinaladas no parágrafo anterior (art. 12.2 <i>lingua galega e lingua castelá</i>) e nas materias de lingua(s) estranxeira(s), o alumnado poderá utilizar nas manifestacións oral e escrita a lingua oficial da súa preferencia. Non obstante o anterior, procurarase que o alumnado utilice a lingua en que se imparte a área, materia ou módulo.</p>
<p>Sobre a utilización da lingua galega por parte do alumnado nas áreas ou materias impartidas na nosa lingua, o decreto de 1995 indica que se “<i>debe procurar que os alumnos e alumnas a utilicen nas manifestacións orais e escrita</i>”, mentres que o actual recolle que “<i>o alumnado utilizará, con carácter xeral, o galego nas manifestacións oral e escrita</i>”. Se o que se pretende é acadar unha competencia lingüística semellante e para iso se precisa unha maior presenza do galego por ser esta a lingua necesitada de normalización, resulta necesario conseguir que a súa utilización oral e escrita sexa estendida, cando menos, ás áreas que se imparten en galego. O contrario, ademais de supoñer un erro de vulto dende o punto de vista pedagóxico, afondaría aínda máis na incompetencia e tamén no mantemento da situación anormal da lingua. Porén, mentres que o decreto actual recolle que “<i>o alumnado utilizará, con carácter xeral, o galego nas manifestacións oral e escrita</i>”, as bases e o borrador renuncian totalmente a esta perspectiva e, disque baseándose nunha liberdade de elección inaudita no ámbito educativo, propoñen directamente que o alumnado poida “<i>utilizar nas manifestacións oral e escrita a lingua oficial da súa preferencia</i>”; malia que o borrador engade que, non obstante, “<i>procurarase que o alumnado utilice a lingua en que se imparte a área, materia ou módulo</i>”. Como xa se dixo, existe xurisprudencia suficiente que avala a esixencia desa utilización obrigada, única forma de que se consiga a finalidade establecida de acadar competencia suficiente.</p>			

<p>2.–Os materiais que se empreguen nas áreas ou materias ás que se refire o parágrafo anterior estarán escritos normalmente en galego, terán a calidade científica e pedagóxica adecuada e atenderán, sen prexuízo da súa proxección universal, ás peculiaridades de Galicia. Con este fin a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria fomentará a elaboración e publicación dos materiais curriculares correspondentes.</p>	<p>2. Os materiais que se empreguen nas áreas, materias ou módulos aos que se refire o parágrafo anterior estarán escritos, con carácter xeral, en galego, terán a calidade científica e pedagóxica adecuadas e atenderán, sen prexuízo da súa proxección universal, ás peculiaridades de Galicia. Con este fin, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Secretaría Xeral de Política Lingüística fomentarán a elaboración e publicación dos materiais curriculares correspondentes.</p>	<p>8. Elaboración e publicación de materiais curriculares</p> <p>1. Os libros de texto das materias impartidas en galego e en castelán estarán redactados na lingua en que se imparta a materia. A Administración educativa promoverá a elaboración de materiais na outra lingua oficial de Galicia e en lingua(s) estranxeira(s).</p> <p>2. Os materiais que se empreguen nas áreas, materias ou módulos sinalados no parágrafo anterior, terán a calidade científica e pedagóxica adecuadas e atenderán, sen prexuízo da súa proxección universal, ás peculiaridades de Galicia. Con este fin, a consellería competente en materia de educación fomentará a elaboración e publicación dos materiais curriculares correspondentes.</p>	<p>Artigo 13.-Elaboración e publicación de materiais curriculares.</p> <p>1. Os materiais e libros de texto das materias impartidas en galego e en castelán estarán redactados na lingua en que se imparta a materia.</p> <p>2. A Administración educativa promoverá a elaboración de materiais lingüísticos e terminolóxicos na outra lingua oficial de Galicia e en lingua(s) estranxeira(s).</p> <p>2. Os materiais que se empreguen nas áreas, materias ou módulos sinalados no parágrafo anterior terán a calidade científica e pedagóxica adecuadas e atenderán, sen prexuízo da súa proxección universal, ás peculiaridades de Galicia. Con este fin, a consellería competente en materia de educación fomentará a elaboración e publicación dos materiais curriculares correspondentes.</p>
--	--	--	--

Tocante aos materiais curriculares (non só nin exclusivamente libros de texto) empregados nas áreas impartidas en galego parece claro que na redacción existente se establece que deberán estar redactados en galego. Porén resultan salientables as diferentes interpretacións que dende a Consellería de Educación se veñen dando a este respecto, dependendo de quen fale: “*A liberdade lingüística do alumnado estenderase á compra dos libros no seu idioma de preferencia*” (Conselleiro); “*Os libros de texto na aula deben estar na lingua en que se imparta a materia*” (A. Lorenzo aos editores); “*A concesión de axudas ás familias para a adquisición de libros de texto entre o alumnado estará condicionada a que o material escolar estea redactado no idioma de cada materia, aínda que os alumnos poderán utilizar o material escolar na lingua da súa preferencia*” (consellería). De todas elas, chama a atención a do SXPL, que engade que, na súa casa, poden empregar os nenos e as nenas o que queiran. ¡Madría leva!

Tampouco son moi clarificadoras as interpretacións que se realizan dende ámbitos próximos á ideoloxía que presidiu esta contrarreforma (Galicia Bilingüe ou a Mesa por la Libertad Lingüística), que van en direccións variadas, malia estaren relativamente satisfeitos con este borrador, indicador excelente para a súa avaliación.

Cómpre indicar, ademais, que os actuais materiais aínda estarían vixentes dous anos máis, e o seu cambio non parece supoñer un gasto innecesario e prescindible para a Consellería, en contraposición cos recortes producidos no ensino público.

Por outra parte, mentres os decretos de referencia sinalaban que a Consellería fomentará a “*elaboración dos materiais curriculares correspondentes*” (referíndose sempre aos escritos en galego), nas bases e no borrador a consellería “*promoverá a elaboración de materiais na outra lingua oficial de Galicia e en lingua(s) estranxeira(s)*”. É dicir, que a consellería promoverá a edición de libros de texto e doutros materiais curriculares en castelán (ou en inglés). Non parece que esta sexa a misión que a lexislación de rango superior lle encomenda precisamente ao goberno de Galicia.

<p>Artigo 9º Nas áreas ou materias –distintas ás sinaladas nos artigos 4º.3, 5º e 6º– empregárase a lingua que se teña establecida no proxecto educativo de centro aprobado polo claustro e o consello escolar. En todo caso, no proxecto educativo do centro coidarase e respectarase o equilibrio entre as dúas linguas oficiais e nel constarán as oportunas medidas de apoio e reforzo para un correcto uso lingüístico escolar e educativo co fin de acadalo obxectivo xeral establecido na Lei de normalización lingüística (Art. 14.3º).</p> <p>Artigo 10º En todo caso, para facer efectivo o dereito á educación, os profesores e profesoras adoptarán as medidas oportunas co fin de que os alumnos e alumnas que non teñan o suficiente dominio da lingua galega poidan seguir con aproveitamento as ensinanzas que nesta lingua lles impartan.</p>	<p>Artigo 14º.-Proxecto lingüístico do centro.</p> <p>1. Cada centro, dentro do seu proxecto educativo, elaborará o seu proxecto lingüístico, no cal se fará constar:</p> <p>a) As linguas que se deben empregar nas áreas, materias, módulos ou ámbitos de coñecemento distintos dos sinalados nos artigos 7º a 12º.</p> <p>b) As oportunas medidas de apoio e reforzo para un correcto uso lingüístico escolar e educativo, co fin de alcanzar o obxectivo xeral establecido na Lei de normalización lingüística e na LOE no que afecta o fomento de plurilingüismo.</p> <p>c) Os criterios para determinar a lingua predominante do contorno a que se refire o artigo 7º deste decreto.</p> <p>d) As medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle impartan.</p> <p>2. O proxecto lingüístico formará parte do proxecto educativo do centro educativo. Será redactado por unha comisión do profesorado do centro, designada polo</p>	<p>9. Proxecto lingüístico de centro</p> <p>1. Cada centro, dentro do seu proxecto educativo, elaborará o seu proxecto lingüístico, no cal se fará constar:</p> <p>a) A decisión do centro educativo respecto das materias e das horas semanais que se imparten en galego, en castelán e en lingua(s) estranxeira(s).</p> <p>b) O resultado da consulta ás familias para coñecer a súa opinión respecto da lingua de impartición das materias.</p> <p>c) A dispoñibilidade do profesorado do centro para impartir materias en lingua(s) estranxeira(s).</p> <p>d) As medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle impartan.</p> <p>e) Os obxectivos xerais e as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.</p> <p>f) Nos centros que imparten formación profesional</p>	<p>Artigo 14.-Proxecto lingüístico de centro.</p> <p>1. Cada centro, dentro do seu proxecto educativo, elaborará o seu proxecto lingüístico cada catro cursos escolares, no cal se fará constar:</p> <p>a) No caso de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria, o resultado da consulta ás familias sobre as materias á que se refiren os artigos 5º e 6º deste decreto.</p> <p>b) A decisión do centro educativo respecto da lingua en que se impartirá o resto de materias de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria.</p> <p>c) A lingua en que se imparten as materias de bacharelato.</p> <p>d) En educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato, as medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle impartan.</p> <p>e) Nos centros que imparten formación profesional específica, ensinanzas artísticas e deportivas, e ensinanza de persoas adultas, os procedementos que</p>
---	---	--	---

equipo directivo, oída a comisión de coordinación pedagóxica.
Na súa composición terán especial relevancia o equipo de normalización e dinamización lingüística e os compoñentes dos departamentos das outras linguas.

3. O proxecto lingüístico do centro será aprobado e avaliado polo Consello Escolar do centro educativo.

4. Este proxecto remitiráselles aos servizos da inspección antes do 30 de setembro de cada ano, que velarán para que o seu contido se axuste a este decreto e ao desenvolvemento da LOE. Co fin de reparar as eivas detectadas en cada curso, adoptaranse as medidas que permitan dispor dos medios materiais e persoais precisos para corrixilas no curso seguinte.

5. Así mesmo, no marco do proxecto lingüístico, fomentarse o uso da lingua galega nas actividades complementarias e actos que o centro organice.

6. En todo caso, para facer efectivo o dereito á educación, o profesorado adoptará as medidas oportunas coa finalidade de que o alumnado que non teña o suficiente dominio da lingua galega poida seguir con proveito as ensinanzas que nesta lingua se lle impartan.

7. Sen prexuízo do previsto na epígrafe 4 deste artigo, a Administración educativa avaliará os proxectos lingüísticos dos centros e fará o seguimento dos resultados que se desprendan da súa aplicación coa finalidade de adoptar, se é o caso, as medidas necesarias para garantir que o alumnado adquira de forma oral e escrita a competencia lingüística previa de cada nivel e etapa nas dúas linguas oficiais de Galicia, como establece o artigo 14.3º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

específica, ensinanzas artísticas e deportivas, faranse constar os procedementos que aseguren que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas oficiais.

2. O proxecto lingüístico formará parte do proxecto educativo do centro. Será redactado por unha comisión do profesorado do centro, nomeada polo equipo directivo e oída a comisión de coordinación pedagóxica. Formarán parte dela, como mínimo, os **directores/as** dos departamentos de linguas e o coordinador(a) do equipo de dinamización da lingua galega. Será aprobado e avaliado polo Consello Escolar do centro educativo.

3. Este proxecto remitiráselles, cada **catro anos**, aos servizos da inspección, que velarán para que o seu contido se axuste a este decreto e ao desenvolvemento da LOE. Co fin de reparar as eivas detectadas, adoptaranse as medidas que permitan dispor dos medios materiais e persoais precisos para corrixilas.

4. Anualmente, elaborarse unha addenda do proxecto lingüístico na que conste:

1. Nos centros que imparten Educación Infantil, os resultados da consulta ás familias para obter información sobre a lingua **materna** do alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da **lingua oficial non predominante**.
2. En todos os centros, información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizadas polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no curso seguinte.

5. Sen prexuízo do previsto na epígrafe 4 deste artigo, a Administración educativa avaliará os proxectos lingüísticos dos centros e fará o seguimento dos resultados que se desprendan da súa aplicación coa finalidade de adoptar, se é o caso, as medidas necesarias para garantir que o alumnado adquira de forma oral e escrita a competencia lingüística **previa** de cada nivel e etapa nas dúas linguas oficiais de Galicia, como establece o artigo 14.3º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

aseguren que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas oficiais.
f) Os obxectivos xerais e as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.

2. O proxecto lingüístico será redactado por unha comisión do profesorado do centro, nomeada polo equipo directivo e oída a comisión de coordinación pedagóxica. Formarán parte dela, como mínimo, os **xefes/as** dos departamentos de linguas e o coordinador(a) do equipo de dinamización da lingua galega. Será aprobado e avaliado polo Consello Escolar do centro educativo.

3. Este proxecto remitiráselles cada **catro cursos escolares** aos servizos da inspección educativa, que velarán para que o seu contido se axuste a este decreto e ao desenvolvemento da LOE. Co fin de reparar as eivas detectadas, adoptaranse as medidas que permitan dispor dos medios materiais e persoais precisos para corrixilas.

4. Anualmente, elaborarse unha addenda do proxecto lingüístico na que conste:

1. Nos centros que imparten educación infantil, os resultados da consulta ás familias para obter información respecto da lingua **predominante** entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das **linguas oficiais**.
2. **En todos os centros en que haxa unha modificación na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), información sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación.**
3. En todos os centros, información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no curso seguinte.

5. Sen prexuízo do previsto na epígrafe 4 deste artigo, a Administración educativa avaliará os proxectos lingüísticos dos centros e fará o seguimento dos resultados que se desprendan da súa aplicación coa finalidade de adoptar, se é o caso, as medidas necesarias para garantir que o alumnado adquira de forma oral e escrita a competencia lingüística **propia** de cada nivel e etapa nas dúas linguas oficiais de Galicia, como establece o artigo 14.3º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

No decreto 247/1995 establecíase que a determinación das áreas nas que se utilice o galego como lingua vehicular se contemplaría no PEC aprobado polo Claustro e o Consello escolar. O decreto actual desenvolve de maneira máis detallada o proxecto lingüístico de centro, alén da determinación recollida das áreas que deben impartirse en galego con carácter xeral. Cómpre salientar que, a respecto das bases e do borrador, establece unha maior permanencia e estabilidade do propio PL e ademais reitera que debe recoller os criterios para determinar a lingua predominante do contorno. Neste asunto, nas dúas últimas propostas, só recollería “os resultados da consulta ás familias para obter información respecto da lingua predominante entre o alumnado”.

<p>Artigo 10º Terase en conta o establecido no Decreto 79/1994, do 8 de abril, sobre exención da materia de lingua galega no ensino básico e medio, así como na orde que o desenvolve.</p>	<p>Artigo 15º.-Exención da cualificación das probas de lingua galega 1. O alumnado que se incorpore ao sistema educativo de Galicia en cuarto de educación secundaria obrigatoria ou en bacharelato, procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro con lingua oficial castelá, poderá obter a exención da cualificación das probas de avaliación de materia de lingua galega durante dous cursos académicos.</p> <p>2. A exención suporá unicamente a consignación de «exento» no libro de cualificacións e mais no expediente do alumnado.</p> <p>3. O alumno ou a alumna terá que asistir obrigatoriamente ás clases como medio de integración lingüística e coa finalidade de que, cun esforzo especial pola súa parte, con materiais didácticos específicos e cunha axuda continua do seu profesorado, poida, ao remate do prazo da exención, ter un dominio adecuado da lingua galega e seguir as ensinanzas propias do nivel en que estea ou vaia matricularse en igualdade de condicións ca os demais compañeiros de clase.</p> <p>4. O incumprimento por parte do alumno do establecido no punto anterior determinará, logo dos informes pertinentes e oído o interesado e, se é o caso, pai, nai ou titores legais, a revogación da exención.</p> <p>5. Tanto a revogación como a denegación da exención producirán como efecto a obriga para o alumnado de ser cualificado nas avaliacións parciais ao final do curso en que se atopa.</p> <p>6. No respectivo libro de escolaridade e mais no expediente do alumnado farase constar a exención concedida e, se é o caso, a posible revogación e a conseguinte cualificación.</p>	<p>14. Exención da cualificación das probas de lingua galega 1. O alumnado que se incorpore ao sistema educativo de Galicia en educación secundaria obrigatoria ou en bacharelato, procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro, poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de tres cursos académicos.</p> <p>2. A exención suporá a consignación de “exento” no libro de cualificacións e mais no expediente do alumnado.</p> <p>3. O alumno ou a alumna terá que asistir ás aulas como medio de integración lingüística e coa finalidade de que co seu esforzo persoal, con materiais didácticos específicos e cunha axuda continua do seu profesorado, poida, ao remate do prazo da exención, ter un dominio adecuado da lingua galega e seguir as ensinanzas propias do nivel en que estea ou vaia matricularse en igualdade de condicións ca os demais compañeiros/as de clase.</p> <p>4. O incumprimento por parte do alumno do establecido no punto anterior determinará, logo dos informes pertinentes e oído o interesado e, se é o caso, pai, nai ou titores legais, a revogación da exención.</p> <p>5. Tanto a revogación como a denegación da exención producirán como efecto a obriga para o alumnado de ser cualificado nas avaliacións parciais ao final do curso en que se atopa.</p> <p>6. No respectivo libro de escolaridade e mais no expediente do alumnado farase constar a exención concedida e, se é o caso, a posible revogación e a conseguinte cualificación.</p>	<p>Artigo 18.-Exención da cualificación das probas de lingua galega. 1. O alumnado que se incorpore ao sistema educativo de Galicia en 3º ciclo de Educación Primaria, en Educación Secundaria Obrigatoria ou en Bacharelato, procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro, poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares.</p> <p>2. A exención suporá a consignación de “exento” no libro de cualificacións e mais no expediente do alumnado.</p> <p>3. O alumno ou a alumna terá que asistir ás aulas como medio de integración lingüística e coa finalidade de que co seu esforzo persoal, con materiais didácticos específicos e cunha axuda continua do seu profesorado, poida ter, ao remate do prazo da exención, un dominio adecuado da lingua galega e seguir as ensinanzas propias do nivel en que estea ou vaia matricularse en igualdade de condicións ca os demais compañeiros/as de clase.</p> <p>4. O incumprimento por parte do alumno do establecido no punto anterior determinará, logo dos informes pertinentes e oído o interesado e, se é o caso, pai, nai ou titores legais, a revogación da exención.</p> <p>5. Tanto a revogación como a denegación da exención producirán como efecto a obriga para o alumnado de ser cualificado nas avaliacións parciais e finais ao final do curso en que se atopa.</p> <p>6. No respectivo libro de escolaridade e mais no expediente do alumnado farase constar a exención concedida e, se é o caso, a posible revogación e a conseguinte cualificación.</p>
	<p>Artigo 16º.-Solicitudes de exención. 1. A exención solicitarase para cada ano académico de permanencia na Comunidade Autónoma de Galicia e os seus efectos limitaranse ao citado ano, sen que se poidan conceder máis de dous anos consecutivos, conforme o previsto no artigo 15º deste decreto.</p> <p>2. As solicitudes de exencións dirixiranse ás direccións</p>	<p>15. Solicitudes de exención 1. A exención solicitarase para cada ano académico de permanencia na Comunidade autónoma de Galicia e os seus efectos limitaranse ao citado ano, sen que se poidan conceder máis de tres anos consecutivos, conforme o previsto no artigo anterior deste decreto.</p> <p>2. As solicitudes de exencións dirixiranse ás direccións</p>	<p>Artigo 19.-Solicitudes de exención. 1. A exención solicitarase para cada ano académico de permanencia na Comunidade Autónoma de Galicia e os seus efectos limitaranse ao citado ano, sen que se poidan conceder máis de dous cursos escolares consecutivos, conforme o previsto no artigo anterior deste decreto.</p> <p>2. As solicitudes de exencións dirixiranse aos</p>

	<p>dos centros. Os centros docentes públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria resolverán sobre a súa concesión ou denegación no prazo máximo de dez días hábiles, contados a partir da presentación da documentación completa. No caso dos centros privados e privados concertados, a resolución correspóndelle á dirección dos centros públicos a que estean adscritos.</p> <p>3. A resolución da dirección do centro docente público poderá ser impugnada mediante recurso de alzada, no prazo dun mes, perante o delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.</p>	<p>dos centros. Os centros docentes públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria resolverán sobre a súa concesión ou denegación no prazo máximo de dez días hábiles, contados a partir da presentación da documentación completa. No caso dos centros privados e privados concertados, a resolución correspóndelle á dirección dos centros públicos á que estean adscritos.</p> <p>3. A resolución da dirección do centro docente público poderá ser impugnada mediante recurso de alzada, no prazo dun mes, perante o xefe territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.</p>	<p>directores/as dos centros. Os centros docentes públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria resolverán sobre a súa concesión ou denegación no prazo máximo de dez días hábiles, contados a partir da presentación da documentación completa. No caso dos centros privados e privados concertados, a resolución correspóndelle á dirección dos centros públicos á que estean adscritos.</p> <p>3. A resolución da dirección do centro docente público poderá ser impugnada mediante recurso de alzada, no prazo dun mes, perante o xefe territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.</p>
<p>Tocante á exención da cualificación da materia de lingua galega, o decreto de 1995 facía referencia a unha normativa específica (D. 79/1994 e Orde do 30 de xuño do mesmo ano) nos que se recollía a posibilidade máxima de tres anos de exención (con adaptación curricular), mentres que o vixente reducía esta exención a un máximo de dous cursos escolares. Na proposta das bases determinábase un prazo de tres anos, que o borrador sitúa de novo en dous cursos escolares. Ora ben, se no decreto en vigor se establece esa posibilidade de exención para o alumnado que se incorpore ao sistema educativo en cuarto de ESO, as bases retrotraíano ata o primeiro curso da ESO e o borrador ata 5º de EP.</p>			
	<p>Artigo 17º.-Alumnado anterior á incorporación da lingua galega ao sistema educativo. O alumnado que cursase estudos en Galicia con anterioridade á incorporación da lingua galega ao sistema educativo e que queira proseguilos terá a obriga de cursar esta materia e serán cualificado a partir do curso en que retome os seus estudos.</p>	<p>16. Alumnado anterior á incorporación da lingua galega ao sistema educativo O alumnado que cursase estudos en Galicia con anterioridade á incorporación da lingua galega ao sistema educativo e que queira proseguilos terá a obriga de cursar esta materia e será cualificado a partir do curso en que retome os seus estudos.</p>	<p>Disposición transitoria segunda.-Alumnado anterior á incorporación da lingua galega ao sistema educativo. O alumnado que cursase estudos en Galicia con anterioridade á incorporación da lingua galega ao sistema educativo e que queira proseguilos terá a obriga de cursar esta materia e será cualificado a partir do curso en que retome os seus estudos.</p>
	<p>Artigo 18. Equipos de normalización e dinamización lingüística 1. Para potenciar o uso da lingua galega nos centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria constituirase un equipo de normalización e dinamización lingüística, que actuará baixo a supervisión da dirección do centro e que estará formado por profesorado, por representantes do alumnado, agás no ensino infantil e primario, e do persoal non docente. 2. Os membros do equipo serán designados pola dirección do centro do seguinte xeito: a) O profesorado, por proposta do claustro de profesores. b) O alumnado, por proposta das súas asociacións máis representativas. c) O persoal non docente, por proposta deste persoal. 3. A composición do equipo de normalización e dinamización lingüística para cada tipo de centro, as súas competencias, e o nomeamento, cesamento e competencias do seu coordinador serán establecidas nos regulamentos orgánicos dos centros educativos. Na constitución destes órganos tenderase a unha composición equilibrada de mulleres e homes. 4. Os equipos de normalización e dinamización lingüística deberán ter un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de normalización lingüística nos centros educativos, tal e</p>	<p>10. Equipos de dinamización da lingua galega 1. Para potenciar o uso da lingua galega nos centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria constituirase un equipo de dinamización da lingua galega, nomeado e supervisado pola dirección do centro, e formado por profesorado, representantes das familias, representantes do alumnado (agás no ensino infantil e primario), e persoal non docente. 3. A composición do equipo de dinamización da lingua galega para cada tipo de centro, as súas competencias, e o nomeamento, cesamento e competencias do seu coordinador serán establecidas nos regulamentos orgánicos dos centros educativos. Na constitución destes órganos tenderase a unha composición equilibrada de mulleres e homes. 4. Os equipos de dinamización da lingua galega terán un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua galega</p>	<p>Artigo 15.-Equipos de dinamización da lingua galega. 1. Para potenciar o uso da lingua galega nos centros sostidos con fondos públicos, constituirase un equipo de dinamización da lingua galega, nomeado e supervisado pola dirección do centro, e formado polo seu coordinador(a), por profesorado, por representantes do alumnado (agás no ensino infantil e primario) e por persoal non docente. 2. A composición do equipo de dinamización da lingua galega para cada tipo de centro, as súas competencias, e o nomeamento, cesamento e competencias do seu coordinador serán establecidas nos regulamentos orgánicos dos centros educativos. Na constitución destes órganos tenderase a unha composición equilibrada de mulleres e homes. 3. Os equipos de dinamización da lingua galega terán un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua galega</p>

	<p>como se prevé no Plan xeral de normalización da lingua galega.</p> <p>5. Os equipos de normalización lingüística contarán co apoio técnico necesario e os centros terán a debida dotación de recursos didácticos, pedagóxicos e material en galego.</p> <p>Artigo 19º.-Comisións territorias de coordinación. Coa finalidade de coordinar os equipos de normalización e dinamización lingüística constituiranse comisións territoriais. A súa composición e funcións específicas serán determinadas, conxuntamente, pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Secretaría Xeral de Política Lingüística, de acordo coas directrices da política lingüística da Xunta de Galicia.</p> <p>Artigo 20º.-Divulgación das experiencias desenvolvidas nos centros. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Secretaría Xeral de Política Lingüística divulgarán as experiencias positivas desenvolvidas nos centros educativos no campo da normalización lingüística.</p>	<p>nos centros educativos, contarán co apoio técnico necesario e os centros educativos terán a debida dotación de recursos didácticos, pedagóxicos e material en galego.</p> <p>7. Con esa finalidade coordinadora, constituiranse comisións territoriais. A súa composición e funcións específicas serán determinadas pola consellería competente en materia de educación, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, de acordo coas directrices da política lingüística da Xunta de Galicia.</p> <p>6. A consellería competente en materia de educación, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, coordinará o labor dos equipos de dinamización da lingua galega e divulgará as experiencias positivas desenvolvidas nos centros educativos.</p>	<p>nos centros educativos, contarán co apoio técnico necesario e os centros educativos terán a debida dotación de recursos didácticos, pedagóxicos e material en galego.</p> <p>5. Con esa finalidade coordinadora, constituiranse comisións en cada xefatura territorial de educación. A súa composición e funcións específicas serán determinadas pola consellería competente en materia de educación, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, de acordo coas directrices da política lingüística da Xunta de Galicia.</p> <p>4. A consellería competente en materia de educación, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, coordinará o labor dos equipos de dinamización da lingua galega e divulgará as experiencias positivas desenvolvidas nos centros educativos.</p>
--	--	--	---

Os chamados “Equipos de normalización lingüística” na normativa do 1995 (consonte coa LNL e cos ROC aínda vixentes) pasaron a denominarse no decreto actual “Equipos de normalización e dinamización lingüística”. Nas bases e no borrador abandónase o termo “normalización” e denomínanse “Equipos de dinamización da lingua galega”. Mentres as composicións destes equipos pasou de contemplar a profesorado, alumnado e persoal non docente (estes dous últimos sectores nos do ensino secundario), nas bases incorporáronse representantes das familias, que foron de novo retirados na proposta do borrador. Tanto no caso do actual como nas bases e no borrador indícase que as “competencias, nomeamento, cesamento e competencias do seu coordinador” serán establecidas nos ROC (lembramos que os vixentes son do ano 1996). Tamén se limitan as comisións territoriais a “cada xefatura territorial de educación”.

<p>Artigo 11º A inspección educativa velará polo cumprimento do establecido no presente decreto. Con tal fin os centros docentes públicos e privados que impartan ensinanzas de réxime xeral non universitarios remitirán á inspección educativa os horarios, áreas e materias impartidas en lingua galega, así como a relación dos materiais curriculares empregados nestas materias.</p>	<p>Artigo 21º.-Inspección. Os servizos de inspección velarán para que en todos os centros educativos se cumpra a normativa vixente sobre normalización lingüística e proporánlles, se é o caso, ás delegacións provinciais competentes a adopción das medidas correctoras que sexan necesarias no caso de incumprimento, sen prexuízo das responsabilidades as que houbese lugar.</p>	<p>17. Inspección Os servizos de inspección velarán para que en todos os centros educativos se cumpra a normativa vixente sobre normalización lingüística e proporánlles, se é o caso, ás xefaturas territoriais competentes a adopción das medidas correctoras que sexan necesarias no caso de incumprimento, sen prexuízo das responsabilidades as que houbese lugar.</p>	<p>Artigo 20.-Inspección educativa. Os servizos de inspección educativa velarán para que en todos os centros educativos se cumpran as disposicións previstas neste decreto e proporánlles, se é o caso, ás xefaturas territoriais de educación a adopción das medidas correctoras que sexan necesarias no caso de incumprimento, sen prexuízo das responsabilidades ás que houbese lugar.</p>
---	--	---	---

As funcións encomendadas nos catro textos á inspección educativa non parecen ser moi efectivas, a xulgar pola experiencia e os resultados que se obtiveron ao longo destes anos. Nas bases “escapóuselles” (por esta única vez) a expresión “normalización lingüística”, que foi oportunamente corrixida no borrador.

			<p>CAPÍTULO IV Artigo 21.-Materias non lingüísticas impartidas en lingua(s) estranxeira(s). 1. A Administración Educativa fomentará a impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), principalmente en inglés, co obxectivo de que, de maneira gradual e voluntaria, os centros educativos poidan chegar a ofrecer ata un máximo dun terzo do seu horario lectivo semanal en lingua(s) estranxeira(s). 2. Cando nun determinado curso o centro educativo aprobe a impartición de unha ou de varias das materias ás que se refiren os artigos 6.6, 7.6, 8 e 9 do presente decreto en lingua(s) estranxeira(s), adaptará o seu proxecto lingüístico para garantir o máximo equilibrio</p>
--	--	--	---

			<p>de horas semanais ofertadas en galego e en castelán nese curso, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros.</p> <p>3. Aqueles centros educativos que queiran impartir en lingua(s) estranxeira(s) as materias indicadas nos artigos 6.3 e 7.3 deberán efectuar unha consulta ás familias sobre a súa posible impartición na dita lingua, tendo en conta en calquera caso o previsto nos puntos 1 e 2 deste artigo no relativo á garantía do mantemento do equilibrio na asignación de horas que se deberán impartir en galego e castelán.</p> <p>4. En calquera dos supostos sinalados nos dous parágrafos anteriores, e con carácter previo á súa aprobación, o centro deberá cursar a oportuna solicitude á Administración educativa, para os efectos do outorgamento, no seu caso, da correspondente autorización.</p> <p>Artigo 22.-As linguas estranxeiras na formación profesional específica, ensinanzas artísticas e deportivas.</p> <p>Nas ensinanzas de formación profesional específica, ensinanzas artísticas e deportivas, desenvolveranse as habilidades de comunicación oral e escrita en lingua(s) estranxeira(s), de maneira progresiva e gradual, para facilitar o desempeño laboral no espazo europeo.</p> <p>Artigo 23.-Plan de fomento das linguas estranxeiras.</p> <p>A consellería competente en materia de educación aprobará un plan de fomento das linguas estranxeiras no que se determinarán as liñas de actuación, dirixidas ao profesorado, ao alumnado e aos centros, para cumprir o sinalado neste capítulo.</p>
--	--	--	--

Unha vez abandonada a pretensión recollida nas bases sobre a implantación dun terzo das horas en inglés (aínda que se fala de linguas estranxeiras, este é o idioma sinalado) o borrador recolle nun capítulo unhas posibilidades sobre as que cómpre comentar:

- Formúlase como un proceso gradual e voluntario que, de se levar a cabo, confluiría coa intención inicial de reducir o uso vehicular do galego a un terzo do horario.
- Agás as áreas das linguas, calquera outra sería susceptible de ser impartida en inglés. Lembramos que, de excluírmos en Ed. Primaria o Coñecemento do medio e as Matemáticas, as posibilidades de impartición neste idioma serían: Ed. artística (incluída a Música), Ed. Física, Ed. para a cidadanía (só en 6º) e Relixión.
- Ora que, tamén se poderían impartir en inglés as áreas reservadas para a “consulta” ás familias. Mesmo da redacción non se infire que non poidan ser as dúas, sempre que as demais se “equilibren”.

É dicir que, dun xeito absolutamente descartado, aceptan a “inmersión” en inglés e négana para o galego, a lingua propia do país.

	<p><i>Disposicións adicionais</i> Primeira.-Bacharelato.</p> <p>As materias do bacharelato que serán impartidas en galego determinaranse no decreto que regule estas ensinanzas na Comunidade Autónoma de Galicia.</p> <p>Segunda.-Dereitos do coordinador do equipo de normalización e dinamización lingüística.</p> <p>O coordinador ou coordinadora do equipo de normalización e dinamización lingüística terá os mesmos dereitos administrativos e económicos ca as xefaturas dos departamentos didácticos.</p>	<p>10. Equipos de dinamización da lingua galega</p> <p>2. O coordinador ou coordinadora do equipo de dinamización da lingua galega terá os mesmos dereitos administrativos e económicos cás xefaturas dos departamentos didácticos.</p> <p><i>Disposicións adicionais</i> Primeira. Procedemento para determinar a lingua de impartición das materias</p> <p>Será preceptiva a realización dunha consulta ás familias para que cada centro educativo coñeza a súa opinión</p>	<p>Disposición transitoria 5ª. Dereitos da coordinación dos equipos de dinamización da lingua galega.</p> <p>O coordinador ou coordinadora do equipo de dinamización da lingua galega terá os mesmos dereitos administrativos e económicos cás xefaturas dos departamentos didácticos.</p> <p><i>Disposicións adicionais</i> Primeira.-Consulta ás familias.</p> <p>O procedemento para determinar a consulta ás familias á que fan referencia os artigos 5, 6, 7 e 21 deste decreto</p>
--	---	---	--

	<p>Os dereitos económicos destes coordinadores terán efectividade desde o 1 de xaneiro de 2008.</p> <p>Terceira A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará as linguas en que deberán impartirse as áreas ou materias nos centros con proxectos plurilingües, e garantirán a proporcionalidade entre as áreas ou materias impartidas en galego e castelán que se recolle neste decreto.</p> <p>Cuarta.-Avaliación do grao de cumprimento do Plan de normalización lingüística Nos plans de avaliación dos centros educativos e nos plans de avaliación da función directiva terase en conta o grao de cumprimento dos obxectivos establecidos no uso e normalización da lingua galega.</p> <p>Quinta Con periodicidade anual, despois de finalizar o curso escolar, o Goberno de Galicia avaliará os resultados de aplicación deste decreto, e desenvolverá regulamentariamente cantas disposicións fosen precisas para o mellor cumprimento e adaptación dos seus obxectivos, co fin de que poida achegarse gradualmente á plena aplicación da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias.</p>	<p>respecto da lingua de impartición das materias (en galego, en castelán ou en lingua estranxeira) en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato. As familias expresarán a opinión a través dun cuestionario de preguntas que cada centro educativo lles enviará durante o procedemento de matriculación ou na reserva de prazas. Unha vez coñecida a opinión das familias, o Consello Escolar de cada centro debaterá e aprobará a asignación lingüística das materias. Este proceso farase cada catro cursos escolares. O procedemento para determinar a lingua de impartición das materias desenvolverase mediante unha orde posterior á aprobación deste Decreto.</p> <p>Segunda. Avaliación do grao de competencia nas linguas oficiais A consellería competente en materia de educación establecerá un procedemento de avaliación do nivel de competencia nas dúas linguas oficiais en Educación Primaria e en Educación Secundaria Obrigatoria, como garantía da consecución progresiva da competencia semellante en ambas as linguas.</p> <p>Cuarta Para a adquisición de competencias nas linguas estranxeiras entre o profesorado, a Administración educativa valorará a adquisición da dita formación no desenvolvemento da carreira docente.</p> <p>Terceira Con periodicidade anual, despois de finalizar o curso escolar, o Goberno de Galicia avaliará os resultados de aplicación deste decreto, e desenvolverá regulamentariamente cantas disposicións fosen precisas para o mellor cumprimento e adaptación dos seus obxectivos, co fin de que poida achegarse gradualmente ao marco dun ensino plurilingüe e á plena aplicación da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias.</p>	<p>desenvolverase mediante unha orde aprobada pola consellería competente en materia de educación. A primeira consulta farase con anterioridade ao curso escolar 2010-2011.</p> <p>Segunda.-Materias impartidas en linguas estranxeiras. A impartición de materias non lingüísticas en lingua(s) estranxeira(s) regularase mediante orde aprobada pola consellería competente en materia de educación.</p> <p>Terceira.-Avaliación da capacitación nas linguas oficiais. A consellería competente en materia de educación establecerá un procedemento de avaliación do nivel de competencia nas dúas linguas oficiais en Educación Primaria e en Educación Secundaria Obrigatoria, como garantía da consecución progresiva da competencia semellante en ambas as linguas.</p> <p>Cuarta. Alumnado con necesidades educativas especiais. A Administración educativa elaborará e presentará un plan dirixido ao alumnado con necesidades educativas especiais que asegure a súa capacitación lingüística nas linguas oficiais.</p> <p>Sexta. Avaliación dos resultados. Con periodicidade anual, despois de finalizar o curso escolar, a consellería competente en materia de educación avaliará os resultados derivados da aplicación deste decreto e desenvolverá cantas disposicións fosen precisas para o mellor cumprimento e adaptación dos seus obxectivos co fin de que poida achegarse gradualmente ao marco dun ensino plurilingüe e á plena aplicación da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias.</p>
<p>Disposicións transitorias Primeira.–En canto non se extingan as ensinanzas de 7º e 8º de educación xeral básica, bacharelato unificado e polivalente, curso de orientación universitaria e formación profesional de primeiro e segundo grao, impartiranse en galego as áreas ou materias que se establecen no Decreto 135/1983, do 8 de setembro, polo que se desenvolve para o ensino, a Lei 3/1983, de normalización lingüística e a Orde do 1 de marzo de 1988 pola que se desenvolve o Decreto 135/1983, do 8 de setembro, sobre aplicación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Segunda.–Cando por razóns de organización do persoal docente dos centros existan dificultades xustificadas no curso académico 1995–1996, para a aplicación inmediata do establecido nos artigos 4º.3, 5º e 6º do</p>	<p>Disposición transitoria Mentres non se desenvolva o previsto no artigo 10º, seguirá vixente para as ensinanzas de bacharelato o establecido no Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística.</p>	<p>Disposición transitoria 1ª Na medida en que os centros educativos non dispoñan dos recursos humanos que lles permitan ofertar as horas semanais en lingua(s) estranxeira(s), estas impartiranse en galego ou castelán, escoitando a opinión das familias e aprobando no Consello Escolar unha asignación lingüística que asegure o máximo equilibrio na distribución de horas semanais nas dúas linguas oficiais. Disposición transitoria 2ª Os “equipos de normalización e dinamización lingüística” dos centros educativos, creados ao abeiro do artigo 18º do Decreto 124/2007, pasan a denominarse “equipos de dinamización da lingua galega”.</p>	<p>Disposición transitoria 1ª Cambio de denominación Os “equipos de normalización e dinamización lingüística” dos centros educativos, creados ao abeiro do artigo 18º do Decreto 124/2007, pasan a denominarse “equipos de dinamización da lingua galega”.</p>

<p>presente decreto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá conceder–lo prazo de ata un ano para facer efectivo o disposto nos citados artigos.</p>			
<p>Das diferentes disposicións adicionais e transitorias, cómpre reparar en:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os procedementos da consulta ás familias e para as materias impartidas en linguas estranxeiras quedan pendentes dunha regulación posterior mediante ordes da consellería. - Sobre a avaliación do nivel de competencias (ou capacitación) adquirido ao abeiro deste decreto e á luz das declaracións públicas do SXPL, malia a que estas fosen negativas para o caso do galego, non teñen intención ningunha de introducir modificacións normativas. ¡Curiosa avaliación! - Prodúcese un cambio na denominación dos Equipos facendo desaparecer, como se comentou, calquera referencia á palabra “normalización”. 			
<p>Disposición derogatoria Única.–Queda derogado o Decreto 135/1983, do 8 de setembro, sobre aplicación da Lei 3/1983, do 15 de xuño de normalización lingüística; a Orde do 1 de marzo de 1988, pola que se desenvolve o Decreto 135/1983, do 8 de setembro, sobre aplicación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, así como cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto neste decreto, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria deste mesmo decreto.</p>	<p>Disposición derogatoria Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido neste decreto e, en particular: O Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983 de normalización lingüística, para a súa aplicación ao ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios. O Decreto 66/1997, do 21 de marzo, polo que se modifica parcialmente o Decreto 247/1995, do 14 de setembro, no que se desenvolve a Lei 3/1983 de normalización lingüística, para a súa aplicación ao ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios. O Decreto 79/1994, do 8 de abril, sobre exención da materia de lingua galega no ensino básico e medio.</p>		<p>Disposición derogatoria Quedan derogadas as normas de igual ou inferior rango en canto contradigan ou se opoñan ao disposto neste decreto e, en especial, o Decreto 124/2007, de 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.</p>
<p>ANEXO do D. 124/2007 Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado polo Parlamento de Galicia o día 21 de setembro de 2004 (BOPG nº 622, do 7 de setembro) Área 1. Ensino. Grupo de medidas 2.1.H. 2.1.26. Na educación primaria garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego. Á parte da área de coñecemento do medio natural, social e cultural, xa fixada legalmente, fomentárase que se impartan nesta lingua materias troncais en toda a etapa, como as matemáticas. 2.1.27. Na educación secundaria obrigatoria garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego. Dentro das posibilidades de cada centro, tenderase a que entre as materias que se impartan nese idioma figuren as matemáticas e a tecnoloxía, á parte das que xa están legalmente establecidas. 2.1.28. Nos bacharelatos garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego. 2.1.29. Nos ciclos formativos garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego. Deberase asegurar, ademais, que o alumnado coñeza o vocabulario específico da especialidade en lingua galega.</p>			

